Nas últimas semanas o Goberno de España ten expresado a vontade de incrementar as axudas ao sector da automoción nun 2'3%, nun contexto de redución xeral das axudas á industria. Ese recoñecemento da importancia estratéxica da automoción, esixe a complementariedade das axudas da Xunta. Os datos empíricos indican que cando se produciu a confluencia de axudas dos fabricantes á venda de vehículos, de axudas estatais e de axudas autonómicas, as vendas medraron de xeito notable.

Doutra banda o sector comercial da automoción, os concesionarios e talleres de reparación, veñen soportando unha crecente competencia desleal. Numerosos talleres clandestinos, que non están suxeitos ós controis de calidade dos fabricantes, ofrecen servizos de reparación con prezos sensiblemente inferiores, tamén sen garantías. Cómpre actuar con decisión para evitar unha competencia desleal. O sector estima que existen arredor de 500 talleres ilegais, que en moitos casos traballan na economía somerxida, sen contratación, sen fiscalidade e sen garantías. A Delegación do Goberno ten iniciado medidas de investigación e persecución do fraude a través da Axencia Tributaria e da Inspección de Traballo. En Galicia, segundo fontes do sector, o nivel de emprego é de 10000 persoas en 900 empresas.

A matriculación de vehículos en Galicia é un 14% inferior que hai un ano mentres para España a cifra é 2%. A produción de Citroën en Vigo caerá no 2012 a cifras de 1997

É por iso que o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1.º) Pactar coa Federación Galega de Municipios e Provincias un marco de control das actividades industriais e de reparación de vehículos para garantir o pleno cumprimento da normativa de apertura



 Grupo Parlamentario

e actividade de establecementos.

2.º) Habilitar nos orzamentos do Igape partidas específicas para financiamento de vehículos a través da rede de concesionarios e outros establecementos especializados, concorrente coas axudas do Ministerio de Industria e das empresas fabricantes de vehículos.

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2012

Asdo: José Luis Méndez Romeu
José Manuel Gallego Lomba
Deputados do G.P. Socialista

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 27/04/2012 12:56:23

José Manuel Gallego Lomba na data 27/04/2012 12:56:29



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa do seu deputado, **José Luis Méndez Romeu**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Os concellos das Pontes e Cerceda veñen recibindo axudas do Plan estatal da minaría do Carbón, como compensación pola perda de actividade extractiva e a necesaria reestruturación económico e das infraestruturas. No exercicio 2012, o proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado, actualmente en trámite parlamentario, minora nun 35% esas axudas, o que repercutirá inevitablemente na contía das axudas para esas localidades. Esa drástica minoración, superior á media do orzamento, debe ser emendada para evitar as consecuencias nos devanditos concellos.

O abastecemento enerxético é unha política estatal. Nun sistema integrado, a operación dos diferentes xeradores de enerxía, segue un proceso de pactos retributivos, primas e concesións mutuas, co obxectivo de garantir o pleno abastecemento en todo momento. As comunidades como Galicia, cun saldo enerxético neto favorable, non reciben compensacións directas para os seus usuarios. Na minaría de carbón, os custos de deterioro ambiental, restauración, perda de emprego e reconversión industrial, son soportados directamente polo entorno, polo que cómpre manter no tempo a política de axudas do Plan Miner.

En consecuencia propónse a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España a necesidade de recuperar o nivel de investimentos para as comarcas de Cerceda e As Pontes, con cargo ao Plan da minaría, polo menos, nas cifras do ano 2011, emendando no trámite parlamentario o proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado.



 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2012

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

Asdo: José Luis méndez Romeu
Deputado do G.P. Socialista

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. Socialista

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 26/04/2012 19:02:16

Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/04/2012 19:02:20

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa do seu deputado, **José Luis Méndez Romeu**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Pacto local asinado durante o Goberno anterior de Galicia, entre a Xunta e a Federación de Municipios, incorporaba unha cláusula para o progresivo traspaso á Xunta dos gastos de mantemento de colexios de ensino primario e centros de saúde, por consideralos de competencia estritamente autonómica, con independencia de que no seu momento foran asumidos polos concellos.

Esa cláusula está a ter un desenvolvemento certamente lento. Dende que foi asinado no ano 2006, só 36 centros de saúde foron asumidos pola Xunta, sobre un total de 400. Agora anunciase que no ano 2013 poderían traspasarse de 25 a 30 centros. Para os centros non transferidos a Xunta aportará ós Concellos menos de 900000 euros.

A situación de crise económica estrutural nos concellos é ben coñecida e está documentada. O traspaso dos servizos que non se corresponden coas competencias locais, é o camiño demandado unánimemente por todas as administracións locais, conscientes de que non é posible continuar o modelo actual baseado nas axudas finalistas que outorgan outras administracións para cubrir o custo dos servizos impropios. Nin esas axudas acadan o volume necesario e ademais están suxeitas ás continxencias orzamentarias e de conxuntura política.

As facendas locais, alcumadas de “raqúiticas” por destacados expertos, son ademais pouco elásticas. Nos cinco tributos locais propios a capacidade de adaptar os ingresos ás demandas de gasto, é moi limitada. A elevada dependencia das transferencias do Estado e en menor medida das axudas da Comunidade Autónoma, non facilita a autonomía fiscal.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso o cativo interese que a Xunta ten manifestado durante tres anos polos problemas do municipalismo galego non se resolve coa aprobación dunha Area Metropolitana que nace sen o grao mínimo de consenso co principal concello da mesma, verdadeiro núcleo económico e social que dá sentido aos servizos metropolitanos. Nin axuda á fusión imposta de pequenos concellos rurais contra a que se teñen pronunciado numerosas voces do municipalismo.

En consecuencia o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a pactar coa Fegamp no prazo de dous meses un calendario de asunción dos gastos de mantemento dos centros de saúde, centros de ensino e xulgados de paz.

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2012

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Deputado do G.P. Socialista

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. Socialista

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 26/04/2012 13:08:12

Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/04/2012 13:08:15

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado **Juan Carlos Francisco Rivera**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

O pasado día 21 de abril do 2012, o Boletín Oficial do Estado publicaba o Real Decreto- lei 15/2012, do 20 de abril, en virtude do cal se modifica de xeito substancial o réxime de Administración da Corporación da RTVE.

De conformidade co devandito Real Decreto, o Goberno do Estado, rachando co consenso acadado no ano 2006, poderá elixir o director ou directora xeral do ente público cunha maioría absoluta da Cámara dos deputados.

Por outra banda, a través do Proxecto de lei de modificación da Lei 7/2010, de 31 de marzo, General de comunicación audiovisual, a tramitar pola vía de urxencia, o Goberno estatal abre a porta a privatización das televisións autonómicas, de acordo con criterios de suposta inviabilidade económica ou desfase orzamentario negativo.

En Galicia, o Grupo Parlamentario Socialista ten apoiado unha nova Lei de medios públicos de comunicación audiovisual, apoiada baixo os seguintes parámetros:

- Blindaxe da titularidade pública dos medios de comunicación (Televisión e Radio Galegas).
- O carácter de servizo público dos mesmos, ao servizo da cidadanía galega.
- Respecto os principios de independencia, imparcialidade e obxectividade informativa.
- Respecto o pluralismo político e ideolóxico da sociedade galega.
- Contribución dos medios públicos a defensa da identidade galega, nomeadamente da lingua galega.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A realidade, lamentablemente, é que transcorridos máis de 4 meses dende a aprobación da lei, o Goberno do Partido Popular segue a procurar que os medios de comunicación públicos se manteñan baixo o control estrito do Goberno galego e o seu servizo. Non doutro xeito se explica o escandaloso tratamento informativo de todo cuanto de relevante acontece no país.

Cómpre, polo tanto, diante desta nova deriva privatizadora do Goberno central do Partido Popular, reiterar que dende o Grupo Parlamentario Socialista non imos a consentir que se imponha en Galicia outro modelo de medios públicos que non sexa o que xa temos defendido na Lei 9/2011, do 9 de novembro.

Diante destas razóns, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1. Desenvolver a Lei galega de medios públicos de comunicación audiovisual de 16 de decembro de 2011, remitindo ao Parlamento de xeito urxente unha proposta de Mandato – Marco, ao obxecto do seu estudo, e no seu caso, de proposta de emendas ao mesmo, por parte dos grupos políticos da Cámara.
2. Defender o carácter de servizo público, así coma a xestión pública, dos medios de comunicación públicos de comunicación galegos, ao servizo da identidade propia de Galicia e do seu idioma, con respecto os principios de obxectividade, imparcialidade, pluralismo e neutralidade no tratamento informativo.

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2012

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 30/04/2012 10:37:24

Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/04/2012 10:37:29

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 13:10
Nº Rexistro: 81674
Data envío: 30/04/2012 13:10:11.161

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa das súas deputadas **María Tereixa Paz Franco e Isabel Sánchez Montenegro**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno**, relativa á fumigación masiva que se vai realizar co produto CASCADE.

Nas últimas semanas fíxose pública a intención de realizar fumigacións masivas para facerlle fronte á praga de *gonipterus scutellatus*, gorgullo que afecta aos eucaliptos.

Concretamente a Xunta de Galiza está coordinando, a través da Secretaría Xeral de Montes, coa autorización do departamento competente en sanidade vexetal, unha actuación promovida por ASPAPEL (Asociación de produtores de pasta de papel) que ten como finalidade a fumigación de eucaliptos. Esta fumigación levouse a cabo por recomendación do Centro de investigación de Arreiro, dependente da Deputación Provincial de Pontevedra, cun produto cuxo principio activo é o flufenoxuron, co nome comercial de Cascade, e que foi prohibida a súa utilización pola Unión Europea.

Existen xa a día de hoxe numerosos estudos que desaconsellan a utilización deste tipo de produtos sistémicos neurotóxicos polas súas graves consecuencias para a propia flora, para a fauna e mesmo para a súa de das persoas.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 13:10
Nº Rexistro: 81674
Data envío: 30/04/2012 13:10:11.161

Concretamente, no que se refire á actividade produtiva está máis que constatado como este tipo de pesticidas, ao igual que outros produtos fitosanitarios, entre outros, están relacionados coa desaparición de grande cantidade de abellas e de colmeas en diferentes partes do noso territorio.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego esta actuación, na que tamén se solicitou a implicación dos concellos para recadar as autorizacións dos propietarios das terras para proceder á súa fumigación, constitúe un auténtico desatino desde todos os puntos de vista: desprezo pola actividade produtiva dos apicultores; desprezo pola afectación á flora e aos cultivos por programarse fumigacións aéreas indiscriminadas cando as plantas están en flor; desprezo polas consecuencias ambientais e para a saúde das persoas e, ademais, desprezo pola legalidade ao permitir a utilización dun produto prohibido pola UE, que supoñemos que se fará por austeridade, xa que se poderá comprar a “prezo de saldo”.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas asinantes, a presentar a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a revocar todas as autorizacións e colaboracións con Aspapel para proceder á fumigación de eucaliptos para loitar contra a praga do gorgullo co produto de flufenoxuron, de nome comercial Cascade, cuxo uso está prohibido pola Unión Europea, e que se realicen as actuacións e resolucións necesarias para prohibir expresamente esa fumigación en atención ás consecuencias que pode provocar no medio, na saúde das persoas e na actividade produtiva, nomeadamente, na produción apícola.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 13:10
Nº Rexistro: 81674
Data envío: 30/04/2012 13:10:11.161

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2012.

Asdo.: María Tereixa Paz Franco
Isabel Sánchez Montenegro
Deputadas do G.P. do BNG.
Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 30/04/2012 12:36:00

Isabel Sánchez Montenegro na data 30/04/2012 12:36:04

Ana Belén Pontón Mondelo na data 30/04/2012 12:36:09



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 13:15
Nº Rexistro: 81678
Data envío: 30/04/2012 13:15:04.413

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada **María Tereixa Paz Franco**, e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno**, relativa á adopción de medidas para promover e protexer a produción apícola en Galiza.

A aparición de cultivos de organismos xeneticamente modificados (OXM) ten provocado alerta no sector produtor vinculado ao sector primario.

No caso da apicultura esta preocupación, que xa viña manifestando o sector, viuse agravada por unha recente resolución, de setembro de 2011, do Tribunal de Xustiza Europeo, que impide comercializar o seu mel a un apicultor alemán pola presenza de trazas de OXM.

Esta situación constata que a coexistencia nos cultivos de organismos modificados xeneticamente en pleno campo e a apicultura é de facto imposíbel.

Esta ameaza para as abellas e a apicultura ven a sumarse á ameaza que xa padece como consecuencia do uso de pesticidas neurotóxicos que cada ano provoca a desaparición de milleiros de enxames e que conxuntamente poñen en risco de pervivencia esta acta actividade e tamén a supervivencia das abellas, elementos indispensábeis para a preservación da biodiversidade.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 13:15
Nº Rexistro: 81678
Data envío: 30/04/2012 13:15:04.413

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, a presentar a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a adoptar as seguintes medidas para protexer o sector apícola:


1.- En relación coa presenza de transxénicos:

- a) Suspender inmediatamente e non renovar a autorización do cultivo en pleno campo de millo MON 810, nin autorizalos en Galiza.
- b) Bloquear o avance de todos os dosieres de plantas xeneticamente modificadas nectaríferas e poliníferas.
- c) Avaliar rigorosamente o impacto de plantas transxénicas sobre os apiarios e as abellas.
- d) Defender ante o Estado e as autoridades comunitarias unha moratoria ao cultivo de transxénicos?

2.- En relación co uso de pesticidas neurotóxicos:

- a) Revocar a autorización para a fumigación con Cascade contra a praga de gorgullo do eucalipto.
- b) Non autorizar outras autorizacións para fumigacións masivas con pesticidas sistémicos neurotóxicos.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2012.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 13:15
Nº Rexistro: 81678
Data envío: 30/04/2012 13:15:04.413

Asdo.: María Tereixa Paz Franco
Deputada do G.P. do BNG
Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 30/04/2012 12:58:49

Ana Belén Pontón Mondelo na data 30/04/2012 12:58:56



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Modesto Pose Mesura, Carmen Acuña do Campo, Beatriz Sestayo Doce e Miguel Angel Fernández López** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

A protección fronte as diferentes continxencias, fundamentalmente as de enfermidade e xubilación, foi evolucionando ao longo da historia máis recente do Estado español, pasando dunha protección gremial, parcial e escasa ata a súa xeneralización en inclusións paulatinas de colectivos. Coa aprobación da Lei xeral de sanidade, co desenvolvemento da C.E. déuselle unha nova e importante dimensión: o dereito a saúde é un dereito de cidadanía, é un dereito de todos os españois.

Esta concepción foise aplicando na práctica, a pesares de que seguía financiándose o Sistema Nacional de Saúde a través da Seguridade Social. E nos anos 90 cando definitivamente se pasa a financiar o sistema vía impositiva e, polo tanto, non existe ningún problema para a súa xestión.

O Goberno central acaba de aprobar un Real Decreto – lei (Real Decreto – lei 16/2012) no que nos devolve á lexislación dos anos 70 e recupera a condición de asegurado para ter dereito a protección de saúde. Independentemente dos recursos de inconstitucionalidade que proceda, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego para que como requisito para ter dereito a asistencia sanitaria non se solicite máis documentación ca que acredite ser galego.

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2012

Asdo.: Modesto Pose Mesura
Carmen Acuña do Campo
Beatriz Sestayo Doce
Miguel Angel Fernández López
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez



 Grupo Parlamentario

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Modesto Pose Mesura na data 30/04/2012 16:05:57

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María del Carmen Acuña do Campo na data 30/04/2012 16:06:05

Beatriz Sestayo Doce na data 30/04/2012 16:06:11

Miguel Ángel Fernández López na data 30/04/2012 16:06:14

Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/04/2012 16:06:19



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 30/04/2012 17:18

Nº Rexistro: 81706

Data envío: 30/04/2012 17:18:33.928

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada **María Tereixa Paz Franco** e dos seus deputados **Alfredo Suárez Canal** e **Henrique Viéitez Alonso**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á necesidade de modificar a política da Xunta de Galiza en relación con Ourense, dándolle unha nova orientación cara a dinamización económica e a creación de emprego.

Os últimos datos coñecidos en relación coa situación socioeconómica de Galiza e, nomeadamente de Ourense, poñen de manifesto o fracaso máis rotundo da política da Xunta. Fracaso rotundo porque en Ourense a taxa de desemprego pasou, segundo os datos da EPA (Enquisa de Poboación Activa) do 8,21%, cando o Sr. Núñez Feijóo chegou ao Goberno da Xunta, ao 20,10% actual.

O máis grave desta situación é que este incremento do desemprego, en máis de 15.000 homes e mulleres durante o goberno do PP, se produce ao mesmo tempo que descende a taxa de actividade, a taxa de emprego e, sobre todo, cando continúa baixando a afiliación á seguridade social. Esta conxunción de datos non só constata as dramáticas cifras de persoas que quedan sen emprego, senón que hai destrución de emprego neto.

Neste contexto o Goberno da Xunta de Galiza a única actuación que impulsou fronte a esta situación é a propaganda. Propaganda é a única consideración que nos merece o chamado “Plan Impulsa Ourense”, é propaganda pola súa concepción máis, sobre todo, polos seus resultados que saltan á vista.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 17:18
Nº Rexistro: 81706
Data envío: 30/04/2012 17:18:33.928

Vai para case tres anos que o goberno popular publicitou a posta en marcha deste plano que tiña como fundamentais liñas de actuación a posta en marcha de medidas específicas nas liñas de axuda do IGAPE para Ourense e, como medida estrela, a actualización do Plan Estratéxico Ourense 2010 aprobado pola Deputación provincial de Ourense no ano 2000.

A día de hoxe, alén dos seus efectos propagandísticos, o Plan Impulsa Ourense é un fracaso e unha fraude á cidadanía máis tamén aos sectores económicos que están agardando o impulso do Goberno para poñer en marcha iniciativas para xerar emprego. Os e as 27.200 desempregadas poñen de manifesto este fracaso.

O Plan Impulsa non valeu para identificar aqueles aspectos, aqueles ámbitos de actividade económica con maior capacidade de xerar emprego e riqueza para centrar os esforzos da administración neses ámbitos. Non se coñece ningunha actuación da propia administración nin de apoio a iniciativas privadas na posta en valor dos nosos recursos termais, para o seu aproveitamento e dinamización: a mesma sorte de desatención ou abandono podemos constatar no sector primario, tanto agrogandeiro como forestal, onde a desidia non só non propiciou novas iniciativas no ámbito do establecemento de novas iniciativas de transformación dos nosos produtos, senón que mesmo a desidia.

Non en van nos tres últimos anos a porcentaxe de ocupados sobre o total no sector da agricultura baixou do 10,7 ao 5,9%.

O feble sector industrial ourensán non correu mellor sorte, xa que non está a súa realidade allea á situación de caída libre na que se atopa desde hai moitos meses o IPI (índice de produción industrial). A perda de emprego desde a chegada ao goberno do PP foi moi acusada, pasando de representar o 21,3% dos empregos ao 17,6% actual. Tampouco a esta situación é allea a actuación do Goberno da Xunta, por omisión, incapacidade e falta de iniciativas, só desde esta perspectiva se poden explicar que a



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 17:18
Nº Rexistro: 81706
Data envío: 30/04/2012 17:18:33.928

Consellaría de Economía e Industria deixase sen executar máis do 60% do seu orzamento en 2011, máis neste caso tamén por acción.

O Goberno galego tomou neste ámbito decisións que supuxeron un freo ao noso desenvolvemento industrial e que supuxeron o peche ou paralización de actividades industriais: a paralización do plan eólico, comportou tamén en Ourense perda de oportunidades na fabricación dos muíños e outros compoñentes, a paralización do parque empresarial do Val da Rabeda, onde xa había comprometida a instalación de actividades industriais tampouco resulta neutra.

Por iso, logo de tres anos practicando a mesma política irresponsábel e inútil: a da propaganda, a de eludir as responsabilidades propias, o Goberno da Xunta de Galiza deberá a xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego recoñecer o seu fracaso, obxectivo á vista dos datos, e sobre todo actuar cun cambio de perspectiva.

O Goberno galego debe asumir a necesidade urxente dun cambio na orientación da súa política en relación co desenvolvemento económico e potenciación daqueles sectores con maior capacidade de xerar emprego en Ourense, porque no caso contrario, de seguirmos polo camiño actual, de seguirmos coas mesmas inercias, as expectativas, á vista dos datos, son francamente terríbeis.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada e dos deputados asinantes, presenta a seguinte Proposición non de lei ante o Pleno:

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a rectificar a súa política en relación co desenvolvemento e dinamización económica, así como na creación de emprego, adoptando as seguintes medidas:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 17:18
Nº Rexistro: 81706
Data envío: 30/04/2012 17:18:33.928

- 1.- Identificar aqueles ámbitos de actuación con maior capacidade de xerar emprego en Ourense como son o termalismo, o sector primario e forestal, e o desenvolvemento de actividades de transformación dos seus produtos, o comercio,.. e establecer medidas de impulso e de apoio concretas e coa dotación orzamentaria suficiente.
- 2.- Garantir financiamento desde o ámbito público para as iniciativas empresarias que precisen de liquidez para a súa actividade.

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2012.

Asdo.: María Tereixa Paz Franco

Alfredo Suárez Canal

Henrique Viéitez Alonso

Deputada e deputados do G.P. do BNG.

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 30/04/2012 17:13:55

Alfredo Suárez Canal na data 30/04/2012 17:14:04

Henrique Viéitez Alonso na data 30/04/2012 17:14:08

Ana Belén Pontón Mondelo na data 30/04/2012 17:14:21



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Mª Dolores Rodríguez Amoroso, José Manuel Lage Tuñas e Juan Carlos Francisco Rivera**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, co obxecto de impulsar a toma de medidas por parte do Goberno.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O pasado 25 de xaneiro na Comisión de Xustiza do Congreso o Ministro de Xustiza, Alberto Ruíz Gallardón anunciou a introdución de taxas xudiciais para poder acceder á segunda instancia.

O 29 de marzo coñecemos o anteproxecto de lei relativo a este tema, no que se establecen por primeira vez taxas para a segunda instancia na xurisdición laboral e aumentan de xeito significativo as taxas nos ordes civil, administrativo e mercantil.

Primeiro o Consejo General de la Abogacía Española e, uns días máis tarde, o Consello da Avogacía Galega manifestaron a súa oposición á aprobación das novas taxas, medida que consideraron “inadmisibile”.

É obvio que a introdución e aumento das taxas nos diferentes ordes xurisdicionais limita o acceso á administración da xustiza ós cidadáns, prexudicando de xeito especial a aquelas persoas que teñen menos recursos ó dificultar o acceso á segunda instancia. Este proxecto dinamita o principio de igualdade de oportunidades e pon en xogo o artigo 24 da Constitución Española, que recolle o dereito á tutela xudicial efectiva.

Co obxecto de que o Goberno de España retire o anteproxecto que introduce novas taxas e aumenta as xa existentes, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a demandar do Goberno de España a retirada do anteproxecto de lei que contempla o aumento xeneralizado das taxas xudiciais e a introdución de novas taxas.

Pazo do Parlamento, 30 de abril de 2012

Asdo.: Mª Dolores Rodríguez Amoroso
José Manuel Lage Tuñas
Juan Carlos Francisco Rivera
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

.....
Maria Dolores Rodriguez Amoroso na data 30/04/2012 17:41:56

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas na data 30/04/2012 17:42:00

Juan Carlos Francisco Rivera na data 30/04/2012 17:42:07

.....
Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/04/2012 17:42:11



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa do seu deputado, **José Luis Méndez Romeu**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

O real decreto 1699/2011, do 18 de novembro, publicado o 8 de decembro do mesmo ano, regulou a conexión á rede de instalacións de produción de enerxía eléctrica de pequena potencia. Significaba a transposición da Directiva europea 2009/28/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril do 2009, relativa ao pulo do uso da enerxía procedente de fontes renovables, establecendo ademais a aceleración dos procedementos administrativos de autorización e conexión a redes de distribución e transporte de enerxía eléctrica.

A disposición adicional segunda do real decreto establece que no prazo de catro meses, cumpridos o pasado día 9 de abril, o Ministerio de Industria elevará ao Goberno unha proposta de real decreto regulando as condicións administrativas, técnicas e económicas do consumo de enerxía eléctrica producida no interior da rede dun consumidor para o seu propio uso.

O borrador de real decreto foi sometido a consulta pública e informado pola Comisión Nacional da Enerxía polo que o retraso na súa aprobación é responsabilidade exclusiva do Goberno.

A normativa implanta o denominado balance neto, polo que se implanta un sistema de autoconsumo, e un mecanismo regulador do exceso ou déficit de produción propia. Trátase dunha normativa de extraordinario interese para consumidores con potencia superior a 10 quilovatios/hora e inferiores a 100 quilovatios/hora. É dicir, para vivendas exentas, pequenas industrias, explotacións agrogandeiras, é dicir un número elevado de consumidores que verían drasticamente diminuído o gasto enerxético, segundo as condicións finais que se regulen.



 Grupo Parlamentario

Para a industria pode significar unha oportunidade extraordinaria na que as empresas galegas poden ser pioneiras. De feito existen varias, agrupadas na Asociación de Enerxía Minieólica de Galicia, que teñen presentado alegacións ao proxecto de real decreto.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

As alegacións versan sobre o límite máximo de potencia en relación coa actividade industrial ou agropecuaria, as agrupacións de consumidores, cooperativas ou centros comerciais. A agrupación en micro redes favorecería a implantación no medio rural onde son frecuentes os hábitats de poucas vivendas.

Tamén se teñen presentado alegacións sobre as peaxes de acceso, o contrato de subministro e os incentivos para o desenvolvemento do autoconsumo.

O desenvolvemento das instalacións minieólicas precisa de financiamento a tipos de interese competitivo, de programas de axuda directa. Os beneficios son evidentes: para os consumidores, unha forte minoración do custo; para a industria, o desenvolvemento dun nicho de negocio con capacidade de expansión noutros mercados; para a economía, a minoración da dependencia enerxética.

A Comunidade Autónoma de Galicia, pioneira no desenvolvemento da enerxía eólica, debe liderar de novo o proceso. Compre en primeiro lugar dialogar e convencer ó Ministerio de Industria para non adiar os prazos de aprobación do real decreto comentado e integrar as alegacións que presenta o sector.

En consecuencia, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1.º) Trasladar ao Ministerio de Industria a urxencia na aprobación do Real decreto sobre autoconsumo enerxético e balance neto, coas alegacións formuladas polo sector galego.



 Grupo Parlamentario

2.º) Pactar coa Fegamp un mecanismo de expedición de licenzas que favoreza o espallamento do autoconsumo.

3.º) Reclamar do Ministerio de Industria a eliminación do límite de 100 quilovatios/hora para autoconsumo en instalacións industriais.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4.º) Establecer un sistema de incentivos para estudos de vento e para a execución de instalacións.

Pazo do Parlamento, 30 de abril de 2012

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Deputado do G.P. Socialista

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. Socialista

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 30/04/2012 19:33:22

Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/04/2012 19:33:25

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa do seu deputado, **José Luis Méndez Romeu**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Logo de tres décadas de democracia en España, nalgúns concellos galegos os usos autoritarios e o desprezo polas normas básicas do debate político, son constantes. Algúns alcaldes do Partido Popular non consideran necesario contestar ás preguntas da oposición, nin poñer á disposición dos grupos municipais a documentación dos asuntos que se deben debater, nin facilitar locais para que a oposición cumpra coa súa función de atender ós veciños e exercer o labor de fiscalización.

Non é admisible que a oposición teña que recorrer ós tribunais de xustiza para facer valer os principios democráticos. Nin é admisible nin é eficaz. A institución do Valedor do Pobo non ten competencias executivas e as súas recomendacións poden ser desoídas. A resolución dos asuntos locais esixe tempos de resposta acaídos.

O alcalde de Beade, nomeado pola ditadura, continúa no seu posto, logo de 38 anos nos que ten efectuado numerosas proclamas de adhesión ao réxime represivo e utilizado reiteradamente os símbolos do Estado franquista. El mesmo se define como “coherente”. Coherencia coa ditadura que lle leva a convocar plenos cando considera e non cando regula a lei. Pero as leis están para ser cumpridas. E a Xunta e o grupo político que a sustenta deben ser garantía dese cumprimento.

Non é aceptable que se pretenda subtraera ao coñecemento da oposición a xestión de asuntos locais, competencia do concello, a medio do seu traspaso a institucións supramunicipais. Así a Mancomunidade Terras de Celanova evita dar contas á oposición sobre a súa actividade, transformándose nun exemplo extremo de opacidade. Ou o recente Consorcio da Conca do Lérez constituído sen a menor explicación diante dos representantes electos.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Son exemplos elocuentes. O presidente da Mancomunidade Terras de Celanova ten como empregados a sete familiares e os demais directivos a outros nove. O mesmo presidente ten utilizado en diferentes ocasións as canles públicas para destinar fondos comunitarios ás súas propias empresas. Son casos flagrantes do chamado “baltarismo”, tan estendido dende a Deputación Provincial de Ourense.

O Presidente Núñez Feijoo, quen ademais dirixe o Partido Popular de Galicia, non pode alegar descoñecemento. Algúns deses casos e outros semellantes, son noticia frecuente nos medios de comunicación. Son un lamentable exemplo de desprezo polas formas democráticas e sobre todo polo fondo: o control do goberno polos cidadáns a medio dos seus representantes.

Sendo necesario erradicar esas prácticas preséntase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a:

1.^a) Instar ao alcalde de Beade a observar estritamente a lexislación vixente en materia de símbolos.

2.^a) Dar conta de oficio á Fiscalía sobre as condutas contrarias ós principios democráticos nas institucións locais unha vez recabada a información necesaria.

3.^a) Instar á Mancomunidade Terras de Celanova e o Consorcio Conca do Lerez a instaurar principios de transparencia e democratización no seu funcionamento.

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2012

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Deputado do G.P. Socialista
Asdo: Abel Losada Álvarez



 Grupo Parlamentario

Portavoz do G.P. Socialista

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Jose Luis Méndez Romeu na data 30/04/2012 19:49:24

Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/04/2012 19:49:29



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa do seu deputado, **José Luis Méndez Romeu**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Os sucesivos escándalos nos que estivo implicado o equipo directivo do Igape, algún dos que continúan o seu curso procesual na instancia xudicial, teñen provocado un grave dano á institución.

O certo é que durante meses o conselleiro de Economía e Industria mantivo unha defensa acérrima do director xeral do Igape naquel intre.

A presión dos acontecementos rematou co seu cese. Como xa foi denunciado entre outros polo deputado que asina, na xestión cotián do Igape viñan producíndose conflitos de interese nos que ninguén quería reparar. Directivos que contrataban sistematicamente ás empresas das que procedían utilizando as fórmulas de concurso negociado e sen publicidade e as posibilidades brindadas por unha estrutura de directivos cada vez máis dependente da libre designación e polo tanto dependente en grao máximo.

Así por exemplo o propio director xeral contactan coa súa empresa de procedencia a auditoría do instituto.

Calquera atisbo de imparcialidade na información queda gravemente comprometido. O contrato e adxudicado sen publicidade do mesmo xeito que uns meses máis tarde, contrata coa mesma empresa e por igual procedemento o deseño da rede exterior PEXGA. Unha vez que esa rede é conveniada coa Confederación de Empresarios, esta contrata novamente a esa empresa auditora.

O director xeral do Igape nunca atopou incompatibilidade ética nin ilegal para outorgar contratos, sen concurso público a súa empresa de orixe. Nin para validar gastos de terceiros, suxeitos á autorización, coa mesma empresa.



 Grupo Parlamentario

Non é estraño que o secretario xeral seguise a mesma conduta de colisión de intereses.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Sendo condutas reprobables e punibles, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a implantar no Igape unha organización profesional e eficiente, restaurando a plena legalidade e adoptando unha política de persoal fundada no mérito e na capacidade.

Pazo do Parlamento, 30 de abril de 2012

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Deputado do G.P. Socialista

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. Socialista

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 30/04/2012 19:48:15

Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/04/2012 19:48:20

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa do seu deputado, **José Luis Méndez Romeu** e da súa deputada, **Carmen Gallego Calvar**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Dende hai décadas a Deputación Provincial de Ourense é o paradigma de malas prácticas na administración. Nepotismo recorrente, quebra dos principios de transparencia e obxectividade, cadros de persoal desorbitados, cativo investimento. En toda España falar da Deputación de Ourense e identificar un modelo do pasado. Novecentos empregados, a metade relacionados cos dirixentes populares, abundancia de organismos autónomos para xustificar cadros de persoal desmesurados e negación da igualdade de oportunidades no acceso á función pública, son algúns trazos identificadores do modelo.

A Unión Europea vén de detectar indicios de fraude no desvío de fondos estruturais para construír plantas depuradoras de augas que agora manteñen un funcionamento irregular, non cumprindo a función para que foron construídas. Tamén en proxectos de rehabilitación de estacións de ferrocarril ou de construción de centros para transformación de biomasa.

De acordo ás informacións publicadas nos medios de comunicación e non desmentidas, existiron procedementos viciados na adxudicación das plantas depuradoras, un contrato de 5'3 millóns de euros cun prego de condicións técnicas que excluía a libre concorrência. Todas as depuradoras foron adxudicadas á mesma empresa, Facet Ibérica, e distribuídas por SMA. O mantemento posterior está asumido pola deputación provincial. Os alcaldes parecen estar protestando polo custo enerxético, 10 quilovatios/hora, a radicación non axeitada nalgúns casos e problemas de deseño, por depurarse simultaneamente augas residuais e pluviais.



 Grupo Parlamentario

Correspondendo á Consellería de Medio Ambiente definir a política de augas en Galicia, o Grupo parlamentario Socialista, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a iniciar unha investigación de oficio sobre o funcionamento das estacións depuradoras de augas residuais na provincia de Ourense e o grao de cumprimento da normativa vixente pola deputación provincial.

Pazo do Parlamento, 30 de abril de 2012

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Carmen Gallego Calvar
Deputado e deputada do G.P. Socialista

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. Socialista

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 30/04/2012 17:38:52

Carmen Gallego Calvar na data 30/04/2012 17:38:55

Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/04/2012 17:38:59

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, **Beatriz Sestayo Doce, Modesto Pose Mesura, María Carmen Acuña do Campo e Miguel Angel Fernández López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

O desmantelamento sen precedentes producido nas políticas públicas sociais dende a chegada ao goberno do Sr. Núñez Feijoo vén tendo unhas consecuencias terribles para as persoas e para as familias galegas. O boicot á aplicación de leis sociais, a amortización de postos de traballo públicos, a supresión de programas e servizos sociais, o recorte drástico do Plan concertado, a aprobación dun Decreto de servizos sociocomunitarios que asfixia aos concellos, os recortes sen precedentes nas políticas de igualdade son sinais de identidade dunha dereita disposta a acabar cos servizos públicos en Galicia.

Dentro das agresións ao chamado ataque de Benestar atópanse os ataques ás políticas de conciliación da vida laboral e familiar, así como as agresións ás políticas sociais municipais.

A situación das escolas infantís en Narón constitúe un exemplo de todas estas cuestións. Tres escolas infantís desta cidade corren perigo de peche ante os seus problemas de financiamento dado os recortes continuos da Xunta de Galicia. Tres anos leva o Goberno municipal de Narón avisando á Xunta de Galicia sobre esta situación, e tres anos estivo esperando o alcalde para ser recibido pola conselleira de Benestar.

Pese aos discursos publicitarios do PP respecto á suposta defensa “da familia “ o certo é que as políticas de conciliación de vida laboral e familiar son un ben en perigo de extinción. Ante a alerta de desaparición das escola infantís de Narón pola falla de financiamento da Xunta de Galicia con artimañas varias como o peche de exercicio tres meses antes do ano para evitar a xustificación de todos os custes, as nais e os pais e grupos do goberno fixeron un peche no concello de Narón que só recibiu desprezos do Goberno da Xunta



 Grupo Parlamentario

Ante a situación descrita o Grupo Parlamentario Socialista, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a garantir o financiamento das escolas infantís municipais de Narón que garantan o seu mantemento e funcionamento de calidade, aportando as partidas precisas de xeito inmediato

Pazo do Parlamento, 2 de maio de 2012

Asdo: Beatriz Sestayo Doce
Modesto Pose Mesura
María Carmen Acuña do Campo
Miguel Angel Fernández López
Deputadas e deputados do G.P. Socialista

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. Socialista

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 02/05/2012 17:49:10

Modesto Pose Mesura na data 02/05/2012 17:49:14

María del Carmen Acuña do Campo na data 02/05/2012 17:49:24

Miguel Ángel Fernández López na data 02/05/2012 17:49:42

Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/05/2012 17:49:51



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Beatriz Sestayo Doce, Modesto Pose Mesura, María Carmen Acuña do Campo e Miguel Angel Fernández López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

As políticas sociais son instrumentos esenciais de corrección das desigualdades e inxustizas sociais, fomentan a cohesión social e amparan as persoas máis vulnerables e desprotexidas da sociedade. A Constitución española definiu un Estado social e democrático de dereito optando, polo tanto, por un modelo de políticas públicas que garantan a igualdade de oportunidades das persoas, con independencia das súas circunstancias.

Este modelo social descansa en diferentes piares entre os que se atopa unha normativa social básica para entender o noso sistema. Os diferentes gobernos socialistas en España foron poñendo as bases e desenvolvendo un sistema que establecía redes sociais e competenciais que acheguen diferentes políticas públicas ao conxunto da cidadanía onde queira que viva.

O Plan concertado, a Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas dependentes, os diferentes programas de inclusión e inserción social derivadas de normativa diversa cumprían o mandato constitucional establecendo e consolidando o chamado Estado de Benestar. A chegada aos gobernos autonómicos do PP, sinaladamente en Galicia, e ao goberno do Goberno central, supón unha agresión dificilmente reparable ao conseguido durante máis de 30 anos de democracia. A mestura entre incompetencia, irresponsabilidade unida a unha inequívoca vontade política amosada en todas as políticas sociais de abrir fendas sociais que diferencien os dereitos das persoas conforme ás súas posibilidades económicas ten levado a Galicia a un panorama desolador: a pobreza crece de forma dramática mentres os recursos para prevela e combatela se recortan, as listas de atención á dependencia cuadriplicáronse nesta lexislatura, suprimíronse programas e servizos que viñan funcionando décadas, e apróbanse



 Grupo Parlamentario

normativas dificilmente compatibles coas normativas básicas de rango superior ás que se deben someter

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ante este panorama denunciado unanimemente por colexios profesionais, empregados e empregadas públicas, sindicatos, asociacións, as ONG, etc; o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1.º) Restablecer os equipos de inclusión social das grandes cidades e do Consorcio das Mariñas.

2.º) Garantir a prestación de servizos sociais nos termos previstos no Plan concertado dotándoo do crédito indispensable para o mesmo e que, en ningún caso, sexa inferior ao do ano 2009.

3.º) Derrogalo Decreto de servizos sociocomunitarios.

4.º) Tomar de xeito inmediato as medidas que garantan que as persoas dependentes poidan disfrutar efectivamente dos dereitos e servizos recoñecidos na Lei de prevención de autonomía persoal e atención ás persoas dependentes.

5.º) Dotar os servizos sociais públicos de persoal suficiente para garantir a efectividade no cumprimento dos dereitos sociais das persoas.

Pazo do Parlamento, 2 de maio de 2012

Asdo: Beatriz Sestayo Doce
Modesto Pose Mesura
María Carmen Acuña do Campo
Miguel Angel Fernández López
Deputadas e deputados do G.P. Socialista

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. Socialista



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

..... **Beatriz Sestayo Doce na data 02/05/2012 17:43:49**

Modesto Pose Mesura na data 02/05/2012 17:43:54

María del Carmen Acuña do Campo na data 02/05/2012 17:44:07

..... **Miguel Ángel Fernández López na data 02/05/2012 17:44:15**

Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/05/2012 17:44:19

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado **José Manuel Lage Tuñas**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, co obxecto de **que a Administración autonómica rendabilice os inmobles que son propiedade da Administración pública galega e rebaixe os altos custes dos locais en réxime de aluguer dos que fai uso a Xunta de Galicia e os entes do sector público autonómico.**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

A Xunta de Galicia dispoñía no pasado ano 2011 unha contía superior aos 9,2 millóns de euros para sufragar os gastos derivados do aluguer de oficinas e inmobles dedicados a situar diferentes servizos da Administración autonómica.

O gasto supera os dez millóns de euros si lle engadimos os contratos derivados dos contratos asinados por diferentes entes instrumentos da denominada administración paralela da Xunta de Galicia.

O Goberno galego tomou decisións graves que afectan á calidade dos servizos públicos deteriorando a calidade dos mesmos cunha dura política de recortes pero esqueceu facer un chequeo xeral da situación na que se atopa o patrimonio da Administración pública galega.

É imprescindible que se racionalice o uso de contratos de aluguer para locais onde situar servizos administrativos xa que a Xunta de Galicia dispón dun importante patrimonio de inmobles en propiedade que ou ben non se usan, ou están abandonados ou non se lles quita suficiente proveito.

A maiores o Goberno galego presidido por Alberto Núñez Feijóo gasta 6,4 millóns de euros nas súas oficinas no exterior e non ten adoptado polo de agora ningún acordo para abordar o seu peche a pesares dos criterios anunciados por diversos responsables do Goberno do Estado onde contemplaban a posible reubicación das “embaixadas” autonómicas co fin de evitarlle aos gobernos autonómicos determinados gastos.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Xunta de Galicia ademais de gastar sobre dous millóns de euros en delegacións institucionais (o custe do Palacete da Casa de Galicia en Madrid é superior aos 700.000 euros) tamén contempla un gasto de máis de 4,5 millóns de euros anuais na rede de embaixadas subcontratada á CEG con presenza en Argentina, Brasil, Colombia, México, Estados Unidos (2), Francia, Alemania, Rusia, Reino Unido, Turquía, Marruecos, a India e China.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

- 1.-Realizar, antes do 31 de xullo deste ano 2012, un chequeo xeral dos inmobles en propiedade dos que dispón a Xunta de Galicia e os entes do sector público autonómico e remitir ao parlamento un informe do citado traballo dando conta da relación de locais, a súa situación e o seu uso actual.
- 2.-Revisar os contratos de aluguer de locais que ten a Xunta de Galicia asinados e que están destinados a situar departamentos e servizos da Administración autonómica, priorizando a reubicación de servizos en inmobles propiedade da Xunta de Galicia ou doutras administracións públicas.
- 3.-Abordar o peche das novas “embaixadas” da Xunta de Galicia no exterior e buscar solucións para manter a presenza galega no exterior a partires da colaboración co Ministerio de Exteriores do Goberno de España.

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2012

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas

Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 03/05/2012 12:34:25

.....
Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/05/2012 12:34:29

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2012 16:30
Nº Rexistro: 81895
Data envío: 03/05/2012 14:16:34.139

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada Ana Luisa Bouza Santiago e dos seus deputados Carlos Aymerich Cano e Henrique Vieitez Alonso, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A empresa EMESA TREFILERIA S.A., con sede no Polígono industrial de Sabón, é na actualidade a única empresa galega do seu tipo. Leva dende o ano 1983 traballando na fabricación de Aceiro para pretensado e postensado e, na actualidade, conta con 71 traballadores directos e xera emprego indirecto en labores de transporte e outros. Neste período ten pasado por diversas composicións do seu accionariado pero conservando o seu prestixio e a calidade da súa produción. En 2004 faise co 100% do seu capital a compañía PREVIDENTE e iniciase un progresivo desprazamento da carteira de clientes e da produción a outras empresas do grupo.

Na actualidade existe unha ameaza real de que a perda continua de carga de traballo por este desprazamento conduza á redución de emprego e incluso poida conlevar ao peche da empresa.

Galiza non pode permitirse esta perda de produción industrial de calidade que xera emprego directo, pero tamén riqueza e valor engadido e, por tanto, o Goberno galego debe actuar e anticiparse negociando coas empresas as condicións da súa permanencia, favorecendo a súa competitividade mentres aínda están activas.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2012 16:30
Nº Rexistro: 81895
Data envío: 03/05/2012 14:16:34.139

Polo exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento Galego insta ao Goberno galego a dirixirse á dirección da empresa EMESA TREFILERIA S.A. para interesarse pola súa situación e plans de futuro e para comprometer a súa continuidade colaborando cos recursos públicos dispoñíbeis para evitar o proceso actual de deslocalización.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2012.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Carlos Aymerich Cano

Henrique Viéitez Alonso

Deputada e deputados do G.P. do BNG.

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Luisa Bouza Santiago na data 03/05/2012 14:14:26

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 03/05/2012 14:14:33

Henrique Vieitez Alonso na data 03/05/2012 14:14:37



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 03/05/2012 16:30

Nº Rexistro: 81895

Data envío: 03/05/2012 14:16:34.139

Ana Belén Pontón Mondelo na data 03/05/2012 14:14:52



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2012 16:30
Nº Rexistro: 81899
Data envío: 03/05/2012 14:44:11.009

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada María Carme da Silva Méndez e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Goberno do Estado ven de anunciar a súa intención de introducir un novo imposto indirecto ao conxunto da poboación galega. Trátase da decisión do Partido Popular de crear unha taxa polo uso de determinadas infraestruturas de comunicación, nomeadamente autovías.

No caso de Galiza este novo imposto que pretende crear o PP é especialmente gravoso dadas as portaxes directas tan elevadas que xa soportan os galegos e as galegas polo uso das autoestradas de competencia estatal.

O Parlamento galego ten adoptado numerosos acordos relativos á necesidade de rebaxar e suprimir as portaxes directas actualmente vixentes na Galiza.

O presidente da Xunta, sr. Núñez Feijoo, ten manifestado estes días a súa intención de non introducir este tipo de taxa polo uso das estradas de titularidade galega, mais os actos do goberno do Partido Popular indican exactamente o contrario.

O presidente da Xunta renuncia a exercer como presidente do Goberno galego e non rexeita enerxicamente esta decisión do Goberno español, como sería a súa obriga en defensa dos intereses económicos e sociais do pobo galego.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2012 16:30
Nº Rexistro: 81899
Data envío: 03/05/2012 14:44:11.009

O Goberno galego leva tempo contemplando e traballando na introdución dunha taxa polo uso das estradas da súa competencia: No borrador de Anteproxecto de lei de estradas de Galiza, que elabora a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e que xa foi sometido a período de consultas, a través da páxina web da Xunta, contemplase claramente a privatización das estradas e o establecemento dunha taxa polo uso das estradas galegas.

No borrador de Anteproxecto de lei de estradas de Galiza o Goberno do PP introduce no Título III (Construción, financiamento e explotación) a privatización das estradas galegas e o establecemento dunha taxa polo uso destas.

O Presidente do goberno galego manifestou, despois do Consello da Xunta do 26 de xaneiro de 2012, a súa intención de aprobar a nova Lei de estradas nesta lexislatura. Con posterioridade a esta data estaba sometido o borrador a consultas na páxina web da Xunta, contemplando estes aspectos tan lesivos para a sociedade galega e evidenciando a intención do presidente de introducilos mediante esta nova lei.

Polo exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Esixir do Goberno do Estado que non se estableza ningunha nova taxa nin portaxe nas e autovías galegas.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2012 16:30
Nº Rexistro: 81899
Data envío: 03/05/2012 14:44:11.009

2.- Esixir a redución das portaxes actualmente vixentes nas autoestradas galegas competencia do Estado.

3.- Retirar do anteproxecto de lei de estradas, que ten elaborado o Goberno galego, calquera referencia ao establecemento de novas taxas ou portaxes polo uso das estradas galegas.

4.- Non utilizar ningún outro instrumento normativo para o establecemento de taxas ou portaxes nas estradas galegas.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2012.

Asdo.: María Carme da Silva Méndez

Deputada do G.P. do BNG.

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María Carme da Silva Méndez na data 03/05/2012 14:39:58

Ana Belén Pontón Mondelo na data 03/05/2012 14:40:03



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2012 16:31
Nº Rexistro: 81912
Data envío: 03/05/2012 16:31:43.144

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa das súas deputadas Isabel Sánchez Montenegro e María Carme da Silva Méndez e do seu deputado Manuel Parga Núñez, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

No ano 1999 asinouse un Convenio entre a Xunta de Galiza e o Concello de Lugo, o chamado Plan Paradai, polo que a Consellería de Política Territorial, o IGVS, a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo comprometíanse a realizar diversas actuacións urbanísticas e adquirían distintos compromisos para a realización de numerosas obras no ámbito da modificación puntual do PXOU en Paradai.

O devandito convenio sufriu varios retrasos na súa execución, xustificados no seu momento e sempre consensuados entre o Concello de Lugo e a Xunta de Galiza.

Isto comezou a cambiar nos últimos tempos. O Goberno galego pretende agora deixar sen efecto o convenio asinado no ano 2010 co Concello de Lugo e deixar sen executar máis de 6 millóns de euros.

A Xunta pretende adiar sen data a finalización do Plan Paradai e propón unha nova planificación para as tres obras pendentes da última fase, segundo a cal, só se executarían 3,5 dos 9,7 millóns de euros pendentes ata 2014. Deste xeito, só se levaría a cabo a construción da Ponte Paradai e a súa conexión con Serra de Meira; as outras dúas obras, a estrada das Gándaras e a mellora do tráfico no entorno da



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2012 16:31
Nº Rexistro: 81912
Data envío: 03/05/2012 16:31:43.144

estación de Ferrocarril quedarían suspendidas sen data para a súa realización, pendentes da sinatura dun novo convenio co Concello.

Esa proposta de retraso das obras do Plan Paradai remitida pola Xunta de Galiza ao Concello de Lugo nas últimas semanas é absolutamente inaceptable. Supón a modificación do convenio asinado no seu día entre a Xunta e o Concello e adía a finalización dunhas obras previstas dende o ano 1999, deixando deste xeito sen conexión axeitada coa cidade os barrios das Gándaras e o Sagrado Corazón.


Esta proposta de retraso amosa a falta de compromiso do Goberno galego co Concello de Lugo e, concretamente, cos veciños e veciñas da zona norte que ven, unha vez máis, incumpridas as súas expectativas.

Trátase, ademais, dun retraso inxustificado, non só polo tempo transcorrido sen executar as obras, senón tamén porque os orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2012 recollían integramente as cantidades fixadas no convenio para a execución do Plan Paradai (2,2 millóns de euros en 2012; 2,5 millóns o ano que vén e 4,9 millóns en 2014).

Polo exposto, formulamos a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a cumprir cos compromisos adquiridos na última addenda do Convenio de Paradai nos prazos e orzamentos fixados.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2012.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2012 16:31
Nº Rexistro: 81912
Data envío: 03/05/2012 16:31:43.144

Asdo.: Isabel Sánchez Montenegro

María Carme da Silva Méndez

Manuel Parga Núñez

Deputadas e deputado do G.P. do BNG.

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Isabel Sánchez Montenegro na data 03/05/2012 16:29:54

María Carme da Silva Méndez na data 03/05/2012 16:29:59

Manuel Parga Núñez na data 03/05/2012 16:30:04

Ana Belén Pontón Mondelo na data 03/05/2012 16:30:08

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputadas, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei urxente** para o seu debate en **Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O carácter de urxente vén motivado polo feito de que as medidas aprobadas polo Goberno central implican a suspensión dos contratos dos promotores de emprego da nosa comunidade con data 30 de xuño.

O Real decreto-lei 13/2010, de 3 de decembro, no seu artigo 15. “Medida para o reforzo da atención á demanda e oferta de emprego no Sistema Nacional de Emprego” aproba a medida consistente na incorporación de 1.500 persoas como promotores de emprego, que realizarán a súa actividade nas oficinas de emprego dos Servizos Públicos de Emprego, dende o 1 de febreiro de 2011 ata o 31 de decembro de 2012.

O Consello de Ministros, na súa reunión celebrada o día 23 de setembro de 2011, aprobou a distribución de máis de 46 millóns de euros para a contratación de 1.500 promotores de emprego entre as distintas comunidades autónomas.

Segundo a nota publicada pola Consellería de Traballo e Benestar o 18 de febreiro de 2011 en relación coa conferencia no foro de “Nueva Economía” dada pola súa titular, *“un total de 109 promotores de emprego dedicaranse de forma prioritaria a prestar unha atención personalizada a máis de 55.000 parados galegos. En concreto, o programa vai dirixido aos demandantes de emprego menores de 30 anos, e a aqueles maiores desa idade que levan máis dun ano no paro sen ter recibido recursos por parte do Servizo Público de Emprego, para dar resposta a un dos grandes problemas, o do paro xuvenil, pero que tamén vai acercar o servizo de emprego a todos aqueles que o precisan”*.

 Grupo Parlamentario

No Programa nacional de reformas de 2012, feito público o pasado 30 de abril, dise no punto 59 que “a orientación profesional constitúe unha peza clave da actuación dos servizos públicos de emprego. A tal efecto, estes servizos realizan un tratamento individualizado de cada desempregado”.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os orzamentos da Xunta de Galicia para 2012 fixan unha previsión de taxa de paro para este ano do 16,2% e un incremento do emprego do 0,1 %. Segundo os datos do 1º trimestre, a taxa de paro está no 20,2 % e a perda anual de emprego foi do 2,8 %, o que amosa a falta de fiabilidade das previsións realizadas.

Doutra banda no Proxecto de orzamentos de 2012, o Goberno do Estado fai unha estimación dunha perda neste ano de 631.100 empregos e un aumento do número de parados ata 5.601.800. Neste primeiro trimestre o número de parados xa superou as previsións, 5.639.500 parados, 37.700 parados máis, e a perda anual de empregos foi de 718.500, 87.400 máis que a prevista.

Todas estas cuestións deberían levar ao Goberno do Estado e ao da Xunta de Galicia a reforzar os Servizos Públicos de Emprego con máis persoal de orientación dado que é preciso atender moitos a máis parados.

Pese a todo isto, na disposición final decimo cuarta do Proxecto de lei de “Presupuestos Generales del Estado de 2012” modifícase a duración da contratación dos promotores de emprego ata o 30 de xuño en vez do 31 de decembro de 2012. Como consecuencia desta disposición, a partida 241A 45.000 da Sección 19 do Organismo 101, destinada á contratación dos 1.500 promotores de emprego ten unha contía de 23.807.000 euros, xusto a metade que a destinada aos orientadores que manteñen a súa contratación ata o 31 de decembro, a partida 45001 que conta con 47.614.000 euros.

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan presentan a seguinte proposición non de lei:



 Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia manifesta a súa vontade contraria á disposición final decimo cuarta do Proxecto de lei de “Presupuestos Generales del Estado de 2012” e insta á Xunta de Galicia a:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1) Realizar as xestións oportunas co obxecto de incrementar nos Presupostos xerais do Estado de 2012 a partida 241A 45000 da Sección 19 do Organismo 101, ata 47.614.00 euros.

2) Manter aos 109 promotores de emprego, financiándose, de ser preciso, con fondos propios para a contratación dos mesmos.

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2012

Asdo:

Asinado dixitalmente por:

Manuel Vázquez Fernández na data 04/05/2012 14:23:07

Abel Fermín Losada Álvarez na data 04/05/2012 14:23:13

María José Caride Estévez na data 04/05/2012 14:23:25

Jose Luis Méndez Romeu na data 04/05/2012 14:23:30

María Concepción Burgo López na data 04/05/2012 14:23:42

Beatriz Sestayo Doce na data 04/05/2012 14:23:48

Carmen Gallego Calvar na data 04/05/2012 14:23:53

María del Carmen Acuña do Campo na data 04/05/2012 14:24:04

Francisco Xulio Cerviño González na data 04/05/2012 14:24:10

Miguel Ángel Fernández López na data 04/05/2012 14:24:18

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/05/2012 14:24:23

Juan Carlos Francisco Rivera na data 04/05/2012 14:24:33

María del Carmen Cajide Hervés na data 04/05/2012 14:24:39

José Manuel Gallego Lomba na data 04/05/2012 14:25:07



 Grupo Parlamentario

José Manuel Lage Tuñas na data 04/05/2012 14:25:52

Silvia Belen Fraga Santos na data 04/05/2012 14:25:59

Pablo Xabier López Vidal na data 04/05/2012 14:26:04

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 04/05/2012 14:26:15

Luis Antonio Gómez Piña na data 04/05/2012 14:26:25

María Soledad Soneira Tajés na data 04/05/2012 14:26:42

Modesto Pose Mesura na data 04/05/2012 14:26:47

Ismael Rego González na data 04/05/2012 14:26:52

Sonia Verdes Gil na data 04/05/2012 14:26:58

Luis María Tojo Ramallo na data 04/05/2012 14:27:03



Maria Dolores Rodriguez Amoroso na data 04/05/2012 14:27:10



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia -ante o Pleno- do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para informar **“da situación no ensino e no sistema universitario galego a raíz do Real Decreto Lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo”**.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2012

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

ALGÚNS DATOS PARA O SECTOR DE ALTA TECNOLOXÍA EN GALICIA: 2008/2009/2010

No **sector de alta e media tecnoloxía** os principais datos para Galicia correspondentes aos anos 2008, 2009 e 2010, segundo o INE, son:

Ocupados (número)

	2008	2009	2010	Var(10/08)	Var %(10/08)
Galicia	61.300	56.600	52.200	- 9.100	- 14,84
España	1.342.500	1.203.700	1.196.100	- 146.400	- 10,90

Ocupados respecto poboación total ocupada (porcentaxes)

	2008	2009	2010
Galicia	5,1 %	4,9 %	4,7 %
España	6,6 %	6,4 %	6,5 %
Diferencial	- 1,5	- 1,5	- 1,8

Cifra de negocios (miles de euros)

	2008	2009	2010	Var % (10/09)	Var % (10/08)
Galicia	10.491.077	9.072.385	8.482.372	- 6,5 %	- 19,15 %
España	180.674.994	142.150.493	152.394.115	+ 7,2 %	- 15,65 %
G/E (%)	5,8 %	6,4 %	5,6 %		



 Grupo Parlamentario

ALGUNHAS CONCLUSIÓNS PARA O SECTOR DE ALTA TECNOLOXÍA EN GALICIA:

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

Este sector perdeu no 2010 en Galicia 4.400 empregos e máis de 9.000 nos anos 2009 e 2010. Unha caída de catro puntos por encima da media de España (un 18 % superior).

Galicia continúa en canto persoal por debaixo da media estatal neste sector en 1,8 puntos, polo que para igualar esa porcentaxe sería necesario incorporar do orde de 20.000 novos ocupados ao sector.

No ano 2010 o seu volume de negocios sufriu unha caída do 6,5 % o que contrasta co aumento do 7,2 % facturado a nivel estatal.

Polo que progresivamente Galicia está a perder peso no conxunto do Estado nun sector tan fundamental e clave para o noso desenvolvemento futuro.

O Valor engadido cae en máis de 300 millóns de euros no 2010: de 1.800 millóns de euros no 2009 pasa a 1.497 millóns de euros no 2010: unha caída do 17 %.

Os datos obrigan a unha reflexión. No contexto da crise actual, todos os informes académicos sinalan a innovación, a competitividade en sectores de alto valor engadido, a capacidade de exportación, como factores imprescindibles para as empresas do futuro.

En Galicia, polo menos, no sector de alta tecnoloxía, os datos son preocupantes. Compre coñecer a opinión do Goberno e as medidas previstas para inverter a situación.

É por iso que o deputado que asina interpela o Goberno galego nos seguintes termos.

1.ª) Que razóns explican a forte caída do emprego e da facturación no sector da alta tecnoloxía en Galicia durante os últimos anos?



 Grupo Parlamentario

2.^a) Que medidas de apoio están previstas para cambiar o sentido da tendencia? ¿En qué sectores prioritariamente?

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

3.^a) A Xunta considera axeitado o funcionamento do actual sistema de axudas á vista dos resultados?

Pazo do parlamento, 27 de abril de 2012

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Deputado do G.P. Socialista

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 27/04/2012 11:25:09

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Luis Méndez Romeu e José Manuel Gallego Lomba, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A industria automobilística está nun momento difícil, con caídas das vendas dun 20% interanual, e con envellecementos do parque circulante en todos os segmentos: particulares, vehículos comerciais lixeiros, vehículos pesados. Hoxe, segundo o Ministerio do Interior, o 44% dos vehículos que circulan polas estradas españolas, teñen dez ou máis anos, con previsión de medrar e con consecuencias negativas para o medio ambiente e para a siniestralidade viaria.

O peso do sector da automoción é ben coñecido. En Galicia ocupa a 19300 persoas directamente ou indirectamente. Ten un peso do 12% do PIB galego e do 26% das exportacións. Representa o 17% do sector en España e factura 7400 millóns de euros anuais. Xeograficamente está moi concentrado no sur de Galicia.

Os riscos para o sector proceden da conxuntura internacional, con caídas de vendas nos diferentes mercados, e da caída do mercado interior. As organizacións do sector alertan da inviabilidade da produción baseada principalmente na exportación. De feito están anunciados varios peches de factorías en Europa e mesmo en España.

A preocupación de fabricantes e industria auxiliar está sendo trasladada ao Goberno de España. En síntese o sector está a propoñer unha redución das cargas fiscais, un plan de impulso da renovación de flotas de empresa e de vehículos de autónomos, así como plans estruturais de I+D nun sector punteiro en tecnoloxía e innovación, con grande capacidade de arrastre. Ademais o sector demanda a posta en marcha de dúas novas liñas de financiamento do ICO, dirixidas respectivamente a concesionarios, que son os que hoxe soportan coas entidades financeiras propias dos fabricantes, o financiamento das vendas, e outra dirixida a facilitar a venta de vehículos comerciais e industriais.



Grupo Parlamentario

En Galicia descoñécese a posición da Xunta diante da situación descrita. Unha infraestrutura de futuro como a Plataforma PLISAN está paralizada, e non hai noticia da posición da Xunta verbo do Ministerio de Industria.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Nas últimas semanas o Goberno de España ten expresado a vontade de incrementar as axudas ao sector da automoción nun 2'3%, nun contexto de redución xeral das axudas á industria. Ese recoñecemento da importancia estratéxica da automoción, esixe a complementariedade das axudas da Xunta. Os datos empíricos indican que cando se produciu a confluencia de axudas dos fabricantes á venda de vehículos, de axudas estatais e de axudas autonómicas, as vendas medraron de xeito notable.

Doutra banda o sector comercial da automoción, os concesionarios e talleres de reparación, veñen soportando unha crecente competencia desleal. Numerosos talleres clandestinos, que non están suxeitos ós controis de calidade dos fabricantes, ofrecen servizos de reparación con prezos sensiblemente inferiores, tamén sen garantías. Cómpre actuar con decisión para evitar unha competencia desleal. O sector estima que existen arredor de 500 talleres ilegais, que en moitos casos traballan na economía somerxida, sen contratación, sen fiscalidade e sen garantías. A Delegación do Goberno ten iniciado medidas de investigación e persecución do fraude a través da Axencia Tributaria e da Inspección de Traballo. En Galicia, segundo fontes do sector, o nivel de emprego é de 10000 persoas en 900 empresas.

A matriculación de vehículos en Galicia é un 14% inferior que hai un ano mentres para España a cifra é 2%. A produción de Citroën en Vigo caerá no 2012 a cifras de 1997

É por iso que se interpela ao Goberno galego nos seguintes termos:

1.^a) Que valoración fai a Xunta da actual situación do sector do automóbil en Galicia?



 Grupo Parlamentario

2.^a) Que medidas de reactivación están a ser adoptadas, e cal é a eficacia de cadansúa?

.....
3.^a) Considera necesario o impulso da venta dos vehículos a medio de axudas directas como foi o Plan Renove?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

.....
4.^a) Que novos recursos están previstos nos orzamentos da Xunta como complemento das axudas para adquisición de vehículos de uso privado e de uso industrial?

5.^a) Que medidas serán adoptadas para evitar los talleres clandestinos de reparación de automóviles?

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2012

Asdo: José Luis Méndez Romeu
José Manuel Gallego Lomba
Deputados do G.P. Socialista

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 27/04/2012 12:59:34

José Manuel Gallego Lomba na data 27/04/2012 12:59:39



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 149 do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Pacto local asinado durante o Goberno anterior de Galicia, entre a Xunta e a Federación de Municipios, incorporaba unha cláusula para o progresivo traspaso á Xunta dos gastos de mantemento de colexios de ensino primario e centros de saúde, por consideralos de competencia estritamente autonómica, con independencia de que no seu momento foran asumidos polos concellos.

Esa cláusula está a ter un desenvolvemento certamente lento. Dende que foi asinado no ano 2006, só 36 centros de saúde foron asumidos pola Xunta, sobre un total de 400. Agora anunciase que no ano 2013 poderían traspasarse de 25 a 30 centros. Para os centros non transferidos a Xunta aportará ós Concellos menos de 900000 euros.

A situación de crise económica estrutural nos concellos é ben coñecida e está documentada. O traspaso dos servizos que non se corresponden coas competencias locais, é o camiño demandado unánimemente por todas as administracións locais, conscientes de que non é posible continuar o modelo actual baseado nas axudas finalistas que outorgan outras administracións para cubrir o custo dos servizos impropios. Nin esas axudas acadan o volume necesario e ademais están suxeitas ás continxencias orzamentarias e de conxuntura política.

As facendas locais, alcumadas de “raqúiticas” por destacados expertos, son ademais pouco elásticas. Nos cinco tributos locais propios a capacidade de adaptar os ingresos ás demandas de gasto, é moi limitada. A elevada dependencia das transferencias do Estado e en menor medida das axudas da Comunidade Autónoma, non facilita a autonomía fiscal.

Por iso o cativo interese que a Xunta ten manifestado durante tres anos polos problemas do municipalismo galego non se resolve coa



 Grupo Parlamentario

aprobación dunha Area Metropolitana que nace sen o grao mínimo de consenso co principal concello da mesma, verdadeiro núcleo económico e social que dá sentido aos servizos metropolitanos. Nin axuda á fusión imposta de pequenos concellos rurais contra a que se teñen pronunciado numerosas voces do municipalismo.

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

En consecuencia o deputado que asina interpela o Goberno galego nos seguintes termos:

1.^a) Que valoración fai a Xunta das competencias impropias exercidas polos concellos galegos?

2.^a) Que medidas están previstas no que resta de lexislatura para a asunción das competencias impropias que hoxe exercen os concellos galegos?

3.^a) En que prazos e baixo que condicións?

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2012

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Deputado do G.P. Socialista

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 26/04/2012 13:22:23



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 11:43
Nº Rexistro: 81661
Data envío: 30/04/2012 11:43:50.300

Á Mesa do Parlamento

María Tereixa Paz Franco, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**, relativa á ocultación de informes técnicos en relación co accidente dun avión do dispositivo de loita contra incendios e das represalias aos técnicos autores do informe.

No pasado mes de outubro produciuse un accidente dun avión na base de Beariz que a Consellaría de Medio Rural atribuíu a un erro do piloto.

Recentemente soubose que isto foi así a pesar da existencia dun informe técnico no que se atribuíu este accidente ao deterioro dos freos do avión. Deterioro que ao parecer se viña detectando desde había semanas. Hai varias cuestións en relación con este tema que deberan ser investigadas exhaustivamente e explicadas de forma clara e inequívoca á cidadanía:

1.- Cales foron as causas exactas, a teor dos informes técnicos do accidente de avión en Beariz.

2.- Desde cando se viña apreciando o deterioro nos freos deste aparato. Era coñecido este deterioro.

3.- Era similar a situación dos outros dous avións de coordinación.

4.- Que din os informes en relación co accidente ocorrido un mes despois no que faleceu o piloto.

5.- Existe algún informe en relación coa situación destas aeronaves de cerca de 40 anos.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 11:43
Nº Rexistro: 81661
Data envío: 30/04/2012 11:43:50.300

6.- Tendo en conta que fai un ano o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego denunciou a substitución de helicópteros por avións lixeiros para tarefas de coordinación por tratarse de aeronaves de cerca de 40 anos, o tempo e os accidentes deberan motivar unha rectificación da Xunta.

7.- Compensa este eventual risco por un mínimo aforro.


E como corolario a todas estas incógnitas que deberan esclarecerse, agora sabemos que o Secretario Xeral de Montes, cando foi coñecedor do informe técnico elaborado e asinado por dous técnicos contratados para o dispositivo a través de NATURTECNIA, procedeu a ordenar de forma inmediata e fulminante o seu despido, na máis xenuína liña de actuación deste goberno de man dura con quen non avala as súas teses mesmo por enriba das evidencias empíricas e científicas.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte INTERPELACIÓN:

1.- Que medidas ten previsto adoptar para o adecuado esclarecemento en relación cos accidentes ocorridos cos avións de coordinación do dispositivo de incendios?

2.- Persisten na idea de usar para esa finalidade avións de 40 anos no lugar de helicópteros?

3.- Porque se ordenou o despido dos técnicos que elaboraron o informe que acredita que a causa do accidente de Beariz foi o mal estado dos freos?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 11:43
Nº Rexistro: 81661
Data envío: 30/04/2012 11:43:50.300

4. Non considera que se trata dunha represalia sen xustificación?

5. Deben, a teor desta actuación, os técnicos actuar ao ditado das consignas políticas e dos intereses do goberno para manter o traballo?

6. Trátase esta dunha práctica habitual na Secretaría Xeral de Montes?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2012.

Asdo.: María Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 30/04/2012 11:42:50



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 13:09
Nº Rexistro: 81673
Data envío: 30/04/2012 13:09:45.223

Á Mesa do Parlamento

María Tereixa Paz Franco e Isabel Sánchez Montenegro , deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á fumigación masiva que se vai realizar co produto CASCADE.

Nas últimas semanas fíxose pública a intención de realizar fumigacións masivas para facerlle fronte á praga de *gonipterus scutellatus*, gorgullo que afecta aos eucaliptos.

Concretamente a Xunta de Galiza está coordinando, a través da Secretaría Xeral de Montes, coa autorización do departamento competente en sanidade vexetal, unha actuación promovida por ASPAPEL (Asociación de produtores de pasta de papel) que ten como finalidade a fumigación de eucaliptos. Esta fumigación levouse a cabo por recomendación do Centro de investigación de Arreiro, dependente da Deputación Provincial de Pontevedra, cun produto cuxo principio activo é o flufenoxuron, co nome comercial de Cascade, e que foi prohibida a súa utilización pola Unión Europea.

Existen xa a día de hoxe numerosos estudos que desaconsellan a utilización deste tipo de produtos sistémicos neurotóxicos polas súas graves consecuencias para a propia flora, para a fauna e mesmo para a súa de das persoas.

Concretamente, no que se refire á actividade produtiva está máis que constatado como este tipo de pesticidas, ao igual que outros produtos fitosanitarios,



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 13:09
Nº Rexistro: 81673
Data envío: 30/04/2012 13:09:45.223

entre outros, están relacionados coa desaparición de grande cantidade de abellas e de colmeas en diferentes partes do noso territorio.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego esta actuación, na que tamén se solicitou a implicación dos concellos para recadar as autorizacións dos propietarios das terras para proceder á súa fumigación, constitúe un auténtico desatino desde todos os puntos de vista: desprezo pola actividade produtiva dos apicultores; desprezo pola afectación á flora e aos cultivos por programarse fumigacións aéreas indiscriminadas cando as plantas están en flor; desprezo polas consecuencias ambientais e para a saúde das persoas e, ademais, desprezo pola legalidade ao permitir a utilización dun produto prohibido pola UE, que supoñemos que se fará por austeridade, xa que se poderá comprar a “prezo de saldo”.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas asinantes, a presentar a seguinte Interpelación:

1) Autorizou e ordenou a Xunta de Galiza esta campaña de fumigación promovida por Aspapel?

2) Á hora de analizar esta actuación para a súa autorización, tivo en conta o organismo competente en sanidade vexetal que se trata dun produto que xa foi prohibido o seu uso pola UE?

3) Analizáronse as consecuencias desta actuación para o medio, para as persoas, para a actividade produtiva e, concretamente, para a produción apícola?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 13:09
Nº Rexistro: 81673
Data envío: 30/04/2012 13:09:45.223

4) De ser así, con que resultado?

5) Non se tiveron en conta outras alternativas para facerlle fronte ao gorgullo do eucalipto?

6) Como é posíbel que se autorice o uso dun produto prohibido?

7) Ten previsto reconsiderar dita autorización?

8) Ten previsto reconsiderar a súa implicación activa para executar estas fumigacións?

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2012.

Asdo.: María Tereixa Paz Franco
Isabel Sánchez Montenegro
Deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 30/04/2012 12:34:18

Isabel Sánchez Montenegro na data 30/04/2012 12:34:24



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 13:12
Nº Rexistro: 81676
Data envío: 30/04/2012 13:12:12.896

Á Mesa do Parlamento

María Tereixa Paz Franco, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte INTERPELACIÓN, relativa á adopción de medidas para promover e protexer a produción apícola en Galiza.

A aparición de cultivos de organismos xeneticamente modificados (OXM) ten provocado alerta no sector produtor vinculado ao sector primario.

No caso da apicultura esta preocupación, que xa viña manifestando o sector, viuse agravada por unha recente resolución, de setembro de 2011, do Tribunal de Xustiza Europeo, que impide comercializar o seu mel a un apicultor alemán pola presenza de trazas de OXM.

Esta situación constata que a coexistencia nos cultivos de organismos modificados xeneticamente en pleno campo e a apicultura é de facto imposíbel.

Esta ameaza para as abellas e a apicultura ven a sumarse á ameaza que xa padece como consecuencia do uso de pesticidas neurotóxicos que cada ano provoca a desaparición de milleiros de enxames e que conxuntamente poñen en risco de pervivencia esta acta actividade e tamén a supervivencia das abellas, elementos indispensábeis para a preservación da biodiversidade.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, a presentar a seguinte Interpelación:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 13:12
Nº Rexistro: 81676
Data envío: 30/04/2012 13:12:12.896

- 1) Como valora a situación do sector apícola en Galiza?
- 2) Ten dados de como afecta á produción e á comercialización do mel a eventual produción de OXM?
- 3) Ten algunha repercusión en Galiza esta resolución do Tribunal de Xustiza Europeo?
- 4) Ten adoptado algunha medida para evitar que esta situación poida afectar á comercialización e produción de mel?
- 5) Como afecta o uso de pesticidas á apicultura?
- 6) Que actuacións vai realizar para garantir a actividade apícola e a súa viabilidade?

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2012.

Asdo.: María Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 30/04/2012 12:40:37



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Modesto Pose Mesura, Carmen Acuña do Campo, Miguel Angel Fernández López e Beatriz Sestayo Doce, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

Por parte de diferentes responsables do Partido Popular, tanto no Estado como nas diferentes autonomías e moi especialmente por parte da ministra de Sanidade e da conselleira de Sanidade de Galicia, véñense facendo declaracións en relación coa asistencia sanitaria aos estranxeiros, culpabilizando aos de fóra da situación de crise. Fálase de turismo sanitario e de abuso no uso dos recursos sanitarios por parte dos inmigrantes.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista creemos que a lexislación está clara para a atención sanitaria dos cidadáns non españois, pero en todo caso o Grupo Socialista quere coñecer cal é a realidade en Galicia.

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cantos inmigrantes hai na actualidade en Galicia?
2. Cantos comunitarios e cantos extracomunitarios?
3. Cantos teñen residencia legal en Galicia?
4. Cantos calculan que existen ilegais? Cal é a metodoloxía de cálculo?

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2012

Asdo.: Modesto Pose Mesura

Carmen Acuña do Campo

Miguel Angel Fernández López

Beatriz Sestayo Doce

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Modesto Pose Mesura na data 30/04/2012 15:46:01

María del Carmen Acuña do Campo na data 30/04/2012 15:46:08

Miguel Ángel Fernández López na data 30/04/2012 15:46:17

Beatriz Sestayo Doce na data 30/04/2012 15:46:23

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Modesto Pose Mesura, Carmen Acuña do Campo, Miguel Angel Fernández López e Beatriz Sestayo Doce, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Goberno de España, presidido polo Sr. Mariano Rajoy, levaba o día 24 de abril ao Boletín Oficial do Estado o Real Decreto – lei 16/2012 que instaura graves cambios na concepción do dereito a saúde, obviando os dereitos como cidadán e retrotraéndonos a épocas pretéritas de dereitos como asegurado.

Toma, ademais, outras decisións de modificación de financiamento nos medicamentos, especialmente, cos pensionistas; no transporte sanitario; nos tratamentos dietéticos e na prestación de orto - prótese.

Dado que son as comunidades autónomas as que teñen que xestionar a concreción das medidas, os deputados e as deputadas que asinan queren coñecer por ser de interese xeral para todos os galegos e as galegas e por iso interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Como se vai realizar na práctica a discriminación no copago dos pensionistas?
2. Que custe van ter as medidas que se poñan en marcha?
3. Canto se prevé de recadación en Galicia polo incremento na participación dos pensionistas no custe do medicamento?
4. Que ten previsto a Consellería de Sanidade no financiamento do transporte sanitario?
5. Cal é o plan da Comunidade Autónoma galega na ordenación da prestación do orto - prótese?
6. Cal é a ordenación prevista no financiamento dos tratamentos dietéticos?

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2012

Asdo.: Modesto Pose Mesura

Carmen Acuña do Campo

Miguel Angel Fernández López

Beatriz Sestayo Doce



 Grupo Parlamentario

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Modesto Pose Mesura na data 30/04/2012 15:58:19

María del Carmen Acuña do Campo na data 30/04/2012 15:58:25

Miguel Ángel Fernández López na data 30/04/2012 15:58:30

Beatriz Sestayo Doce na data 30/04/2012 15:58:34

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 30/04/2012 17:16

Nº Rexistro: 81703

Data envío: 30/04/2012 17:16:40.771

Á Mesa do Parlamento

María Tereixa Paz Franco, Alfredo Suárez Canal e Henrique Viéitez Alonso, deputada e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**, relativa á necesidade de modificar a política da Xunta de Galiza en relación con Ourense, dándolle unha nova orientación cara a dinamización económica e a creación de emprego.

Os últimos datos coñecidos en relación coa situación socioeconómica de Galiza e, nomeadamente de Ourense, poñen de manifesto o fracaso máis rotundo da política da Xunta. Fracaso rotundo porque en Ourense a taxa de desemprego pasou, segundo os datos da EPA (Enquisa de Poboación Activa) do 8,21%, cando o Sr. Núñez Feijóo chegou ao Goberno da Xunta, ao 20,10% actual.

O máis grave desta situación é que este incremento do desemprego, en máis de 15.000 homes e mulleres durante o goberno do PP, se produce ao mesmo tempo que descende a taxa de actividade, a taxa de emprego e, sobre todo, cando continúa baixando a afiliación á seguridade social. Esta conxunción de datos non só constata as dramáticas cifras de persoas que quedan sen emprego, senón que hai destrución de emprego neto.

Neste contexto o Goberno da Xunta de Galiza a única actuación que impulsou fronte a esta situación é a propaganda. Propaganda é a única consideración que nos merece o chamado “Plan Impulsa Ourense”, é propaganda pola súa concepción máis, sobre todo, polos seus resultados que saltan á vista.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 17:16
Nº Rexistro: 81703
Data envío: 30/04/2012 17:16:40.771

Vai para case tres anos que o goberno popular publicitou a posta en marcha deste plano que tiña como fundamentais liñas de actuación a posta en marcha de medidas específicas nas liñas de axuda do IGAPE para Ourense e, como medida estrela, a actualización do Plan Estratéxico Ourense 2010 aprobado pola Deputación provincial de Ourense no ano 2000.

A día de hoxe, alén dos seus efectos propagandísticos, o Plan Impulsa Ourense é un fracaso e unha fraude á cidadanía máis tamén aos sectores económicos que están agardando o impulso do Goberno para poñer en marcha iniciativas para xerar emprego. Os e as 27.200 desempregadas poñen de manifesto este fracaso.

O Plan Impulsa non valeu para identificar aqueles aspectos, aqueles ámbitos de actividade económica con maior capacidade de xerar emprego e riqueza para centrar os esforzos da administración neses ámbitos. Non se coñece ningunha actuación da propia administración nin de apoio a iniciativas privadas na posta en valor dos nosos recursos termais, para o seu aproveitamento e dinamización: a mesma sorte de desatención ou abandono podemos constatar no sector primario, tanto agrogandeiro como forestal, onde a desidia non só non propiciou novas iniciativas no ámbito do establecemento de novas iniciativas de transformación dos nosos produtos, senón que mesmo a desidia.

Non en van nos tres últimos anos a porcentaxe de ocupados sobre o total no sector da agricultura baixou do 10,7 ao 5,9%-

O feble sector industrial ourensán non correu mellor sorte, xa que non está a súa realidade allea á situación de caída libre na que se atopa desde hai moitos meses o IPI (índice de produción industrial). A perda de emprego desde a chegada ao goberno do PP foi moi acusada, pasando de representar o 21,3% dos empregos ao 17,6% actual. Tampouco a esta situación é allea a actuación do Goberno da Xunta, por omisión, incapacidade e falta de iniciativas, só desde esta perspectiva se poden explicar que a



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 17:16
Nº Rexistro: 81703
Data envío: 30/04/2012 17:16:40.771

Consellaría de Economía e Industria deixase sen executar máis do 60% do seu orzamento en 2011, máis neste caso tamén por acción.

O Goberno galego tomou neste ámbito decisións que supuxeron un freo ao noso desenvolvemento industrial e que supuxeron o peche ou paralización de actividades industriais: a paralización do plan eólico, comportou tamén en Ourense perda de oportunidades na fabricación dos muíños e outros compoñentes, a paralización do parque empresarial do Val da Rabeda, onde xa había comprometida a instalación de actividades industriais tampouco resulta neutra.

Por iso, logo de tres anos practicando a mesma política irresponsábel e inútil: a da propaganda, a de eludir as responsabilidades propias, o Goberno da Xunta de Galiza deberá a xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego recoñecer o seu fracaso, obxectivo á vista dos datos, e sobre todo actuar cun cambio de perspectiva.

O Goberno galego debe asumir a necesidade urxente dun cambio na orientación da súa política en relación co desenvolvemento económico e potenciación daqueles sectores con maior capacidade de xerar emprego en Ourense, porque no caso contrario, de seguirmos polo camiño actual, de seguirmos coas mesmas inercias, as expectativas, á vista dos datos, son francamente terríbeis.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada e dos deputados asinantes, formula a seguinte Interpelación:

- 1.- Como valora a Xunta de Galiza os datos da EPA do primeiro trimestre de 2012 en Ourense?
- 2.- Non considera que o incremento en 2,5 veces do número de persoas desempregadas en Ourense, nos tres últimos anos, pon de manifesto o fracaso da política do goberno en relación coa dinamización económica e coa creación de emprego?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 17:16
Nº Rexistro: 81703
Data envío: 30/04/2012 17:16:40.771

- 3.- Non considera estes datos como a proba máis palpábel da falta de consistencia da súa política de promoción económica?
- 4.- Segue mantendo que o Plan Impulsa Ourense é un instrumento útil para a xeración de riqueza e a creación de emprego malia a crecente destrución de desemprego e o deterioro da situación socioeconómica?
- 5.- Non cre que logo de case tres anos deben recoñecer o fracaso rotundo da súa política neste ámbito?
- 6.- Non cre que é preciso introducir un cambio de perspectiva na súa política de promoción económica?
- 7.- De ser así, tendo en conta que un dos principais problemas cos que se enfrontan os autónomos, pequenos empresarios, comerciantes é de acceso ao crédito e de liquidez, que ten previsto facer ao respecto?
- 8.- Que actuacións ten previsto impulsar en relación cos sectores produtivos con maior capacidade de xerar emprego en Ourense como é o caso do termalismo, o sector forestal, o sector agrogandeiro e para o apoio a iniciativas de transformación destes produtos?
- 9.- Que medidas ten previsto impulsar o sector do pequeno comercio e mellorar a súa capacidade de competir coas grandes áreas de distribución?
- 10.- Que actuacións ten previsto poñer en marcha para mellorar os indicadores industriais de Ourense?


Santiago de Compostela, 30 de abril de 2012.

Asdo.: María Tereixa Paz Franco

Alfredo Suárez Canal

Henrique Viéitez Alonso

Deputada e deputados do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 17:16
Nº Rexistro: 81703
Data envío: 30/04/2012 17:16:40.771

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 30/04/2012 16:58:34

Alfredo Suárez Canal na data 30/04/2012 16:58:38

Henrique Vieitez Alonso na data 30/04/2012 16:58:43

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O real decreto 1699/2011, do 18 de novembro, publicado o 8 de decembro do mesmo ano, regulou a conexión á rede de instalacións de produción de enerxía eléctrica de pequena potencia. Significaba a transposición da Directiva europea 2009/28/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril do 2009, relativa ao pulo do uso da enerxía procedente de fontes renovables, establecendo ademais a aceleración dos procedementos administrativos de autorización e conexión a redes de distribución e transporte de enerxía eléctrica.

A disposición adicional segunda do real decreto establece que no prazo de catro meses, cumpridos o pasado día 9 de abril, o Ministerio de Industria elevará ao Goberno unha proposta de real decreto regulando as condicións administrativas, técnicas e económicas do consumo de enerxía eléctrica producida no interior da rede dun consumidor para o seu propio uso.

O borrador de real decreto foi sometido a consulta pública e informado pola Comisión Nacional da Enerxía polo que o retraso na súa aprobación é responsabilidade exclusiva do Goberno.

A normativa implanta o denominado balance neto, polo que se implanta un sistema de autoconsumo, e un mecanismo regulador do exceso ou déficit de produción propia. Trátase dunha normativa de extraordinario interese para consumidores con potencia superior a 10 quilovatios/hora e inferiores a 100 quilovatios/hora. É dicir, para vivendas exentas, pequenas industrias, explotacións agrogandeiras, é dicir un número elevado de consumidores que verían drasticamente diminuído o gasto enerxético, segundo as condicións finais que se regulen.



Grupo Parlamentario

Para a industria pode significar unha oportunidade extraordinaria na que as empresas galegas poden ser pioneiras. De feito existen varias, agrupadas na Asociación de Enerxía Minieólica de Galicia, que teñen presentado alegacións ao proxecto de real decreto.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

As alegacións versan sobre o límite máximo de potencia en relación coa actividade industrial ou agropecuaria, as agrupacións de consumidores, cooperativas ou centros comerciais. A agrupación en micro redes favorecería a implantación no medio rural onde son frecuentes os hábitats de poucas vivendas.

Tamén se teñen presentado alegacións sobre as peaxes de acceso, o contrato de subministro e os incentivos para o desenvolvemento do autoconsumo.

O desenvolvemento das instalacións minieólicas precisa de financiamento a tipos de interese competitivo, de programas de axuda directa. Os beneficios son evidentes: para os consumidores, unha forte minoración do custo; para a industria, o desenvolvemento dun nicho de negocio con capacidade de expansión noutros mercados; para a economía, a minoración da dependencia enerxética.

A Comunidade Autónoma de Galicia, pioneira no desenvolvemento da enerxía eólica, debe liderar de novo o proceso. Compre en primeiro lugar dialogar e convencer ó Ministerio de Industria para non adiar os prazos de aprobación do real decreto comentado e integrar as alegacións que presenta o sector.

En consecuencia, o deputado que asina interpela o Goberno galego nos seguintes termos:

1.^a) Como valora a Xunta a oportunidade que se abrirá para a industria minieólica galega, coa aprobación do Real decreto regulador do autoconsumo e do balance neto?

2.^a) Como valora o texto actual, o informe da Comisión Nacional da Enerxía e as alegacións do sector?



 Grupo Parlamentario

3.^a) Considera que son alegacións pertinentes e que poden ser asumidas?

4.^a) Que valoración fai das repercusións na industria, nas familias e no sector agropecuario?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

5.^a) Que medidas de incentivo serán aprobadas?

6.^a) Considera razoable manter a limitación de 100 kw/h para a industria?

Pazo do Parlamento, 30 de abril de 2012

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Deputado do G.P. Socialista

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 30/04/2012 19:33:46

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 149 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Logo de tres décadas de democracia en España, nalgúns concellos galegos os usos autoritarios e o desprezo polas normas básicas do debate político, son constantes. Algúns alcaldes do Partido Popular non consideran necesario contestar ás preguntas da oposición, nin poñer á disposición dos grupos municipais a documentación dos asuntos que se deben debater, nin facilitar locais para que a oposición cumpra coa súa función de atender ós veciños e exercer o labor de fiscalización.

Non é admisible que a oposición teña que recorrer ós tribunais de xustiza para facer valer os principios democráticos. Nin é admisible nin é eficaz. A institución do Valedor do Pobo non ten competencias executivas e as súas recomendacións poden ser desoídas. A resolución dos asuntos locais esixe tempos de resposta acaídos.

O alcalde de Beade, nomeado pola ditadura, continúa no seu posto, logo de 38 anos nos que ten efectuado numerosas proclamas de adhesión ao réxime represivo e utilizado reiteradamente os símbolos do Estado franquista. El mesmo se define como “coherente”. Coherencia coa ditadura que lle leva a convocar plenos cando considera e non cando regula a lei. Pero as leis están para ser cumpridas. E a Xunta e o grupo político que a sustenta deben ser garantía dese cumprimento.

Non é aceptable que se pretenda subtraera ao coñecemento da oposición a xestión de asuntos locais, competencia do concello, a medio do seu traspaso a institucións supramunicipais. Así a Mancomunidade Terras de Celanova evita dar contas á oposición sobre a súa actividade, transformándose nun exemplo extremo de opacidade. Ou o recente Consorcio da Conca do Lérez constituído sen a menor explicación diante dos representantes electos.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Son exemplos elocuentes. O presidente da Mancomunidade Terras de Celanova ten como empregados a sete familiares e os demais directivos a outros nove. O mesmo presidente ten utilizado en diferentes ocasións as canles públicas para destinar fondos comunitarios ás súas propias empresas. Son casos flagrantes do chamado “baltarismo”, tan estendido dende a Deputación Provincial de Ourense.

O Presidente Núñez Feijoo, quen ademais dirixe o Partido Popular de Galicia, non pode alegar descoñecemento. Algúns deses casos e outros semellantes, son noticia frecuente nos medios de comunicación. Son un lamentable exemplo de desprezo polas formas democráticas e sobre todo polo fondo: o control do goberno polos cidadáns a medio dos seus representantes.

Sendo necesario erradicar esas prácticas interpélase ao Goberno galego nos seguintes termos:

1.^a) Como avalía a Xunta de Galicia a conduta do Alcalde de Beade e doutros que negan o exercicio da función de control ós representantes electos polos cidadáns?

2.^a) Considera que esas condutas deben ser erradicadas? ¿Qué medidas adoptará a Xunta para restaurar o normal funcionamento democrático das devanditas institucións?

3.^a) Como avalía a exclusión da oposición no Consorcio Conca do Lérez?

4.^a) Que opinión lle merece o grao de nepotismo existente na Mancomunidade Terras de Celanova?

5.^a) E a falta de controis democráticos?

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2012

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Deputado do G.P. Socialista



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 30/04/2012 19:40:12

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu e Carmen Gallego Calvar, deputado e deputada, pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Dende hai décadas a Deputación Provincial de Ourense é o paradigma de malas prácticas na administración. Nepotismo recorrente, quebra dos principios de transparencia e obxectividade, cadros de persoal desorbitados, cativo investimento. En toda España falar da Deputación de Ourense e identificar un modelo do pasado. Novecentos empregados, a metade relacionados cos dirixentes populares, abundancia de organismos autónomos para xustificar cadros de persoal desmesurados e negación da igualdade de oportunidades no acceso á función pública, son algúns trazos identificadores do modelo.

A Unión Europea vén de detectar indicios de fraude no desvío de fondos estruturais para construír plantas depuradoras de augas que agora manteñen un funcionamento irregular, non cumprindo a función para que foron construídas. Tamén en proxectos de rehabilitación de estacións de ferrocarril ou de construción de centros para transformación de biomasa.

De acordo ás informacións publicadas nos medios de comunicación e non desmentidas, existiron procedementos viciados na adxudicación das plantas depuradoras, un contrato de 5'3 millóns de euros cun prego de condicións técnicas que excluía a libre concorrência. Todas as depuradoras foron adxudicadas á mesma empresa, Facet Ibérica, e distribuídas por SMA. O mantemento posterior está asumido pola deputación provincial. Os alcaldes parecen estar protestando polo custo enerxético, 10 quilovatios/hora, a radicación non axeitada nalgúns casos e problemas de deseño, por depurarse simultaneamente augas residuais e pluviais.

Correspondendo á Consellería de Medio Ambiente definir a política de augas en Galicia, o deputado e a deputada que asinan interpelean o Goberno galego nos seguintes termos:



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1.^a) Que valoración fai a Xunta de Galicia do estado da depuración de augas residuais nos concellos da provincia de Ourense?

2.^a) Como valora o funcionamento actual da rede de estacións depuradoras construídas pola Deputación de Ourense?

3.^a) É coñecedora dos problemas denunciados polos alcaldes e presentes nos medios de comunicación, como o funcionamento intermitente das plantas e polo tanto a ineficacia na depuración?

4.^a) Coñecía a consellería o proxecto desenvolvido pola deputación provincial, foi avaliado favorablemente?

5.^a) Como valora as investigacións abertas pola Unión Europea polo uso incorrecto de fondos comunitarios?

6.^a) Que actuacións desenvolverá a consellaría en relación co exposto?

Pazo do Parlamento, 30 de abril de 2012

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Carmen Gallego Calvar
Deputado e deputada do G.P. Socialista

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 30/04/2012 19:41:21

Carmen Gallego Calvar na data 30/04/2012 19:41:25



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**, dirixida ao Goberno galego, sobre a destrución de emprego segundo a Enquisa de Poboación Activa feita no primeiro trimestre deste ano.

A Enquisa de Poboación Activa é unha mostra cunha periodicidade trimestral que permite coñecer a forza de traballo e a situación da poboación activa e as súas diversas variábeis (ocupación, paro, actividade, etc.) e tamén a poboación allea ao mercado laboral como as persoas inactivas.

A súa análise ao longo destes últimos anos permite observar e verificar que as políticas deseñadas para combater o desemprego polo Goberno galego actual teñen resultado un auténtico fracaso. Falto dunha verdadeira actuación na dinamización dos sectores produtivos da nosa economía, a caída da actividade económica trouxo, como consecuencia, o incremento das persoas paradas e unha taxa de paro ata unhas cifras impensábeis pero que teñen un grande impacto social repercutindo no incremento do empobrecemento da sociedade e a marxinação de amplas capas da poboación.

Esta situación tamén traslada a súa repercusión as arcas do erario público, habida conta de que son ingresos que se deixan de arrecadar como son as cotizacións á Seguridade Social ou o IRPF á Facenda, ao que lle temos que sumar os recursos derivados a pagar as prestacións por desemprego e as axudas sociais caso das rendas de inserción social.

Pois ben, dita evolución presenta unhas diferenzas acusadas cando estamos falando dun mesmo marco normativo entre unhas comunidades autónomas e outras, xa



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que algunhas presentaron a finais do ano pasado uns resultados centrados na creación de emprego neto, no caso da Galiza foi todo o contrario e, partindo dun diferencial positivo de 5, 58 puntos con respecto ao primeiro trimestre do ano 2009 agora esváese ao caer 1,32 puntos. Pero onde realmente chama a atención é que si ben a taxa de desemprego no 2009 estaba situada no 12,35% agora situase no 20,18%, e dicir, 7,83 puntos menos.

Máis as políticas postas en marcha polos Gobernos da Xunta e do Estado o único que teñen acadado é que a economía entre en recesión, os sectores produtivos se sitúen nun proceso imparábel de desmantelamento ,incrementábase o desemprego, cae a afiliación a Seguridade Social, castigando dun xeito máis acusado ás persoas desempregadas de longa duración e ás maiores de corenta e cinco anos. Galiza sigue perdendo peso no conxunto das persoas ocupadas.

A súa vez o Goberno galego segue a realizar unha campaña de anuncios publicitarios que nada teñen que ver coa realidade, banalizando a situación precaria pola que atravesan o conxunto de persoas demandantes de emprego e desertando das súas funcións deixándoo as políticas de emprego sen sustento económico mediante o recorte drástico nos orzamentos e, mesmamente, no seu grado de execución.

Compre, pois, impulsar modificar o xeito de actuar do Goberno galego que permita cambiar o actual modelo produtivo ao obxecto de reequilibrar o mesmo, impulsando a actividade económica e xerar emprego estábel e de calidade; reorientando as políticas activas de emprego, incrementando a súa dotación orzamentaria e afondar nas iniciativas tendentes á mellora da cualificación profesional das persoas desempregadas

Chegada a esta situación, as razóns expostas denotan que o Goberno galego non acerta coas súas políticas de reactivación económica e de creación de emprego, aspectos



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estes que obrigan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a presentar a seguinte **Interpelación**:

1ª) Como explica o Goberno galego que Galiza siga destruindo o diferencial positivo que tiña con respecto ao Estado na taxa de desemprego?.

2ª) Como explica que haxa comunidades autónomas que teñan a capacidade de crear emprego neto?.

3ª) Cal é a razón de reducir os orzamentos destinados ás políticas activas de emprego, cando é a principal preocupación da maioría da poboación?.

4ª) Cales son as previsións do Goberno galego para parar a sangría constante do paro e crear emprego?.

5ª) Que medidas vai poñer en marcha para incrementar a inserción laboral das persoas desempregadas?.


6ª) Como contempla o Goberno mellora a calidade do emprego existente?.

Compostela, 2 de Maio do 2012

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Henrique Vieitez Alonso na data 02/05/2012 11:35:14



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2012 16:47
Nº Rexistro: 81801
Data envío: 02/05/2012 16:47:06.905

Á Mesa do Parlamento

Fernando Branco Parga, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

A CNE vén de publicar o Informe Marco, do ano 2011, sobre a demanda de enerxía eléctrica e gas natural e a súa cobertura.

A respecto da demanda eléctrica considera que estamos en valores do ano 2006, si ben no ano 2010 medrou un 2,9%, no ano 2009 baixara un 4,7% e no 2011 a minoración foi do 2,1%.

Sobre o incremento da oferta de xeración eléctrica espérase un incremento de potencia reducido.

De feito, este Informe analiza os efectos do Real Decreto-Lei 1/2012, de 27 de xaneiro, polo que se procede á suspensión dos procedementos de preasignación de retribución e á suspensión dos incentivos económicos para novas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de coxeración, fontes de enerxía renovábeis e residuos.

Como é coñecido, o RD-L 1/2012, artigo 2, é de aplicación ás instalacións de réxime especial que á data de entrada en vigor non estivesen inscritas no Rexistro de preasignación de retribución previsto no artigo 4.1 do Real Decreto-Lei 6/2009, de 30



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2012 16:47
Nº Rexistro: 81801
Data envío: 02/05/2012 16:47:06.905

de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social.

Na aplicación dos efectos reais deste RD-L 1/2012, a previsión da CNE de incremento de enerxía eólica, no sistema peninsular, é a seguinte:


Potencia	2012	2013	2014	2015
Eólica	22.470	23.944	23.944	23.944

É dicir, a CNE considera que entre 2015 e este ano 2012, o incremento de potencia eólica instalada será de 1.474 Mw.

Temos que considerar que o Concurso Eólico impulsado polo actual Goberno Galego é de 2.325 MW e que os procedementos de preasignación están agora suspendidos.

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** formula a seguinte Interpelación:

- 1) Que valoración fai a Consellaría de Economía e Industria, desta conclusión do organismo regulador –CNE-, sobre o futuro incremento de enerxía eólica?
- 2) Cantos MW, do actual Concurso Eólico, foron inscritos no Rexistro de preasignación antes da entrada en vigor do Real Decreto-Lei 1/2012?
- 3) Cantos MW, do actual Concurso Eólico, poderán estar en funcionamento no ano 2014?, cantos no 2015?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2012 16:47
Nº Rexistro: 81801
Data envío: 02/05/2012 16:47:06.905

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2012.

Asdo.: Fernando Branco Parga

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Fernando Branco Parga na data 02/05/2012 16:34:01



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Ismael Rego González, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Dende o inicio da lexislatura o Goberno galego iniciou unha senda de proliferación de aprobación de plans sectoriais de incidencia supramunicipal, retirada de contenciosos e sobresementos de expedientes presentados no seu día por incumprimentos da lexislación urbanística, que está a crear unha considerable incerteza na cidadanía sobre a obxectividade do Goberno no exercicio das súas competencias e responsabilidades en algo tan sensible como é a xestión e disciplina urbanística

A dita situación dáse ademais cando contamos cunha lei na materia que esta sendo sometida polo Goberno galego a constantes modificacións, e entón a cal existe un amplo consenso sobre a necesidade da súa derogación e elaboración dunha nova lei que cumpra o obxectivo de dotarnos dun instrumento útil para que as distintas institucións con ámbitos competenciais para a súa aplicación poidan exercitalas coa máxima eficacia.

Por iso o deputado que asina interpela o Goberno galego nos seguintes termos:

- 1.^a) Que criterios segue o Goberno galego para a apertura, peche ou sobresemento de expedientes en materia de disciplina urbanística?
- 2.^a) Cal é o número de expedientes abertos e cales as causas que os xeraron nos últimos tres anos?
- 3.^a) Cales foron os expedientes resoltos e con que resultado?
- 4.^a) Cales foron os expedientes sobre os que decidiu o Consello da Xunta nos últimos tres anos e con que resultados?

Pazo do Parlamento, 2 de maio de 2012



 Grupo Parlamentario

Asdo: Ismael Rego González
Deputado do G.P. Socialista

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Ismael Rego González na data 02/05/2012 14:07:49



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Beatriz Sestayo Doce, Modesto Pose Mesura, María Carmen Acuña do Campo e Miguel Angel Fernández López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

As políticas sociais son instrumentos esenciais de corrección das desigualdades e inxustizas sociais, fomentan a cohesión social e amparan as persoas máis vulnerables e desprotexidas da sociedade. A Constitución española definiu un Estado social e democrático de dereito optando, polo tanto, por un modelo de políticas públicas que garantan a igualdade de oportunidades das persoas, con independencia das súas circunstancias.

Este modelo social descansa en diferentes piares entre os que se atopa unha normativa social básica para entender o noso sistema. Os diferentes gobernos socialistas en España foron poñendo as bases e desenvolvendo un sistema que establecía redes sociais e competenciais que acheguen diferentes políticas públicas ao conxunto da cidadanía onde queira que viva.

O Plan concertado, a Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas dependentes, os diferentes programas de inclusión e inserción social derivadas de normativa diversa cumprían o mandato constitucional establecendo e consolidando o chamado Estado de Benestar. A chegada aos gobernos autonómicos do PP, sinaladamente en Galicia, e ao goberno do Goberno central, supón unha agresión dificilmente reparable ao conseguido durante máis de 30 anos de democracia. A mestura entre incompetencia, irresponsabilidade unida a unha inequívoca vontade política amosada en todas as políticas sociais de abrir fendas sociais que diferencien os dereitos das persoas conforme ás súas posibilidades económicas ten levado a Galicia a un panorama desolador: a pobreza crece de forma dramática mentres os recursos para prevela e combatela se recortan, as listas de atención á dependencia cuadruplicáronse nesta lexislatura, suprimíronse programas e servizos que viñan funcionando décadas, e apróbanse



 Grupo Parlamentario

normativas dificilmente compatibles coas normativas básicas de rango superior ás que se deben someter

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

Ante este panorama denunciado unanimemente por colexios profesionais, empregados e empregadas públicas, sindicatos, asociacións, as ONG, etc; as deputadas e os deputados que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1.^a) Vai rectificar o Goberno o desmantelamento dos equipos de inclusión social?

2.^a) Vai rectificar o Goberno os drásticos recortes aplicados ao Plan concertado?

3.^a) Vai manter a vixencia do Decreto de servizos sociocomunitarios?

4.^a) Pensa tomar algunha medida e, de ser o caso, diga cales, para garantir ás persoas dependentes o efectivo exercicio dos dereitos que a coñecida como Lei de dependencia lles reconece?

5.^a) Vai rectificar os recortes sen precedentes aplicados no persoal que viña traballando nos servizos sociais públicos?

Pazo do Parlamento, 2 de maio de 2012

Asdo: Beatriz Sestayo Doce
Modesto Pose Mesura
María Carmen Acuña do Campo
Miguel Angel Fernández López
Deputadas e deputados do G.P. Socialista

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

Beatriz Sestayo Doce na data 02/05/2012 17:44:46

Modesto Pose Mesura na data 02/05/2012 17:44:50

María del Carmen Acuña do Campo na data 02/05/2012 17:45:01

Miguel Ángel Fernández López na data 02/05/2012 17:45:08

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2012 16:30
Nº Rexistro: 81897
Data envío: 03/05/2012 14:43:05.712

Á Mesa do Parlamento

María Carme da Silva Méndez, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

O Goberno do Estado ven de anunciar a súa intención de introducir un novo imposto indirecto ao conxunto da poboación galega. Trátase da decisión do Partido Popular de crear unha taxa polo uso de determinadas infraestruturas de comunicación, nomeadamente autovías.

No caso de Galiza este novo imposto que pretende crear o PP é especialmente gravoso dadas as portaxes directas tan elevadas que xa soportan os galegos e as galegas polo uso das autoestradas de competencia estatal.

O Parlamento galego ten adoptado numerosos acordos relativos á necesidade de rebaxar e suprimir as portaxes directas actualmente vixentes na Galiza.

O presidente da Xunta, sr. Núñez Feijoo, ten manifestado estes días a súa intención de non introducir este tipo de taxa polo uso das estradas de titularidade galega, mais os actos do goberno do Partido Popular indican exactamente o contrario.

O presidente da Xunta renuncia a exercer como presidente do Goberno galego e non rexeita enerxicamente esta decisión do Goberno español, como sería a súa obriga en defensa dos intereses económicos e sociais do pobo galego.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2012 16:30
Nº Rexistro: 81897
Data envío: 03/05/2012 14:43:05.712


O Goberno galego leva tempo contemplando e traballando na introdución dunha taxa polo uso das estradas da súa competencia: No borrador de Anteproxecto de lei de estradas de Galiza, que elabora a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e que xa foi sometido a período de consultas, a través da páxina web da Xunta, contemplase claramente a privatización das estradas e o establecemento dunha taxa polo uso das estradas galegas.

No borrador de Anteproxecto de lei de estradas de Galiza o Goberno do PP introduce no Título III (Construción, financiamento e explotación) a privatización das estradas galegas e o establecemento dunha taxa polo uso destas.

O Presidente do goberno galego manifestou, despois do Consello da Xunta do 26 de xaneiro de 2012, a súa intención de aprobar a nova Lei de estradas nesta lexislatura. Con posterioridade a esta data estaba sometido o borrador a consultas na páxina web da Xunta, contemplando estes aspectos tan lesivos para a sociedade galega e evidenciando a intención do presidente de introducilos mediante esta nova lei.

Por todo o exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte Interpelación:

- 1.- ¿Vaise opoñer o Goberno galego á implantación nas estradas galegas, sexa cal sexa a administración competente, de novas taxas e portaxes?
- 2.- ¿Te previsto defender diante do executivo español os acordo parlamentares en materia de portaxes?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2012 16:30
Nº Rexistro: 81897
Data envío: 03/05/2012 14:43:05.712

3.- ¿Contempla o Goberno galego, a través da nova lei de estradas ou de outra figura normativa, o establecemento de novas taxas ou portaxes polo uso das estradas da súa competencia?

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2012.

Asdo.: María Carme da Silva Méndez

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María Carme da Silva Méndez na data 03/05/2012 14:41:44



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

María José Caride Estevez, Concepción Burgo López, Ismael Rego González e Manuel Gallego Lomba, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

O Parque Arqueolóxico de Arte Rupestre de Campo Lameiro foi inaugurado o 6 de xullo de 2011 cunha previsión de 80.000 visitantes/ano.

O Parque iniciou a súa andaina con importantes obxectivos, xa que pretende protexer e conservar unha manifestación cultural extraordinariamente valiosa e fráxil, ao tempo que busca promover a difusión dos valores patrimoniais e desenvolver un centro de divulgación científica e técnica. Unido a estes obxectivos, este parque debe contribuír ao desenvolvemento local e á ordenación do territorio e fomentar o desenvolvemento sostible das zona.

Todos estes obxectivos foron concesionados, ata 2014, á empresa QED, logo do correspondente concurso público. Dito concurso establece unha compensación revisable de 544.500 € con cargo á Administración autonómica galega, así como o dereito ao cobro de diferentes tarifas pola visita ao parque e a explotación da cafetería, restaurante ou tenda.

A empresa concesionaria entrou en concurso de acredores e prodúcese a subrogación de dito contrato ca Xunta de Galicia en favor dunha empresa creada ad-hoc cun capital social de 3.000€.

Ante esta situación, as deputadas e deputados asinantes presentamos esta interpelación ao Goberno galego:

- 1.^a) que razóns explican o cambio na empresa que realiza a explotación do Parque Arqueolóxico de Arte Rupestre de Campo Lameiro?
- 2.^a) Por que non se iniciou un novo concurso de concesión?



Grupo Parlamentario

3.^a) Que razóns de idoneidade e experiencia xustifican a subrogación á empresa Espiral Xestión Cultural S.L.?

4.^a) Ten dita empresa experiencia neste sector?

5.^a) Que contías leva aboado a Xunta de Galicia á concesionaria de dito parque?

6.^a) Esta en funcionamento o centro de investigación e documentación de arte rupestre no parque?

7.^a) Como valora a Xunta o cumprimento dos obxectivos de visitantes ao parque?

8.^a) Cree o Goberno galego que esta actuación é un exemplo de transparencia e legalidade?

Pazo do Parlamento, 3 de maio 2011

Asdo.: M^a José Caride Estevez
Concepción Burgo López
Isamel Rego González
Manuel Gallego Lomba

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María José Caride Estévez na data 03/05/2012 12:04:12

María Concepción Burgo López na data 03/05/2012 12:04:17

Ismael Rego González na data 03/05/2012 12:04:21

José Manuel Gallego Lomba na data 03/05/2012 12:04:30



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2012 09:30
Nº Rexistro: 81604
Data envío: 26/04/2012 19:31:44.577

Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, dirixida ao Goberno Galego, sobre o recorte dos contratos das persoas promotoras e orientadoras de emprego.

Como consecuencia do grande incremento do desemprego, o Goberno do Estado emitiu dous reais decretos lei que, entre outras cuestións, tiñan como obxectivo o reforzo das políticas activas de emprego. Efectivamente, tanto o Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego como o Real decreto lei 1/2011, do 11 de febreiro, de medidas urxentes para promover a transición ao emprego estable e a recualificación profesional das persoas desempregadas manifestan, no seu limiar, perseguir a mellora das políticas de emprego polo que consideraban necesario un plan de choque dirixido especialmente á redución do desemprego na mocidade e persoas paradas de longa duración e, sobre todo, a recualificación profesional .

Para levar a cabo estes obxectivos contratáronse, por parte do Goberno Goberno galego, persoas promotoras de emprego distribuídas da seguinte maneira: 44 para a provincia da Coruña, 10 para Lugo, 12 para Ourense e 43 para Pontevedra, representando un total de 109 promotores e promotoras, que se suman aos orientadores contratados no 2008. O seu traballo basease, basicamente, na mellora da empregabilidade de mozos e mozas e persoas maiores de corenta e cinco anos



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2012 09:30
Nº Rexistro: 81604
Data envío: 26/04/2012 19:31:44.577


paradas de longa duración, realizando itinerarios individuais e personalizados de emprego; e na empregabilidade de persoas con especiais dificultades de inserción laboral, derivadas da súa baixa cualificación.

Segundo establecían ditos decretos, o período de contratación destas persoas sería para os anos 2011 e 2012 garantindo a súa estabilidade, funcións e financiamento. Esta circunstancia verificouse cando asinaron o seu contrato de traballo como funcionarios e funcionarias interinas ate o 31 de decembro do ano que andamos.

A disposición final décimo cuarta dos Orzamentos Xerais do Estado para este ano, modifica o Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego e establece a posibilidade de que os contratos rematen o 30 de xuño do 2012, pero tamén que “para a xestión polas Comunidades Autónomas desta medida, os créditos correspondentes distribuiranse territorialmente entre ditas administracións, de conformidade co establecido na normativa estatal”

Dado que o crecemento na Galiza do desemprego sitúa a esta comunidade como a que máis emprego destrúe, duplicando a media estatal, e habida conta de que a Consellería de Traballo e Benestar ten un grado de execución moi baixo nestes tres últimos anos, é polo que formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Cal é a posición do Goberno galego ante o recorte dos contratos das persoas promotoras e orientadoras de emprego?.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2012 09:30
Nº Rexistro: 81604
Data envío: 26/04/2012 19:31:44.577

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2012.

Asdo.: Henrique Viéitez Alonso

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 26/04/2012 19:29:12

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
 Socialistas
 de Galicia

ALGÚNS DATOS PARA O SECTOR DE ALTA TECNOLOXÍA EN GALICIA: 2008/2009/2010

No **sector de alta e media tecnoloxía** os principais datos para Galicia correspondentes aos anos 2008, 2009 e 2010, segundo o INE, son:

Ocupados (número)

	2008	2009	2010	Var(10/08)	Var %(10/08)
Galicia	61.300	56.600	52.200	- 9.100	- 14,84
España	1.342.500	1.203.700	1.196.100	- 146.400	- 10,90

Ocupados respecto poboación total ocupada (porcentaxes)

	2008	2009	2010
Galicia	5,1 %	4,9 %	4,7 %
España	6,6 %	6,4 %	6,5 %
Diferencial	- 1,5	- 1,5	- 1,8

Cifra de negocios (miles de euros)

	2008	2009	2010	Var % (10/09)	Var % (10/08)
Galicia	10.491.077	9.072.385	8.482.372	- 6,5 %	- 19,15 %
España	180.674.994	142.150.493	152.394.115	+ 7,2 %	- 15,65 %
G/E (%)	5,8 %	6,4 %	5,6 %		



 Grupo Parlamentario

ALGUNHAS CONCLUSIÓNS PARA O SECTOR DE ALTA TECNOLOXÍA EN GALICIA:

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

Este sector perdeu no 2010 en Galicia 4.400 empregos e máis de 9.000 nos anos 2009 e 2010. Unha caída de catro puntos por encima da media de España (un 18 % superior).

Galicia continúa en canto persoal por debaixo da media estatal neste sector en 1,8 puntos, polo que para igualar esa porcentaxe sería necesario incorporar do orde de 20.000 novos ocupados ao sector.

No ano 2010 o seu volume de negocios sufriu unha caída do 6,5 % o que contrasta co aumento do 7,2 % facturado a nivel estatal.

Polo que progresivamente Galicia está a perder peso no conxunto do Estado nun sector tan fundamental e clave para o noso desenvolvemento futuro.

O Valor engadido cae en máis de 300 millóns de euros no 2010: de 1.800 millóns de euros no 2009 pasa a 1.497 millóns de euros no 2010: unha caída do 17 %.

Os datos obrigan a unha reflexión. No contexto da crise actual, todos os informes académicos sinalan a innovación, a competitividade en sectores de alto valor engadido, a capacidade de exportación, como factores imprescindibles para as empresas do futuro.

En Galicia, polo menos, no sector de alta tecnoloxía, os datos son preocupantes. Compre coñecer a opinión do Goberno e as medidas previstas para inverter a situación.

É por iso que o deputado que asina pregunta o Goberno galego a seguinte cuestión:

Considera a o Goberno galego axeitado o funcionamento do actual sistema de axudas á vista dos resultados?



 Grupo Parlamentario

Pazo do parlamento, 27 de abril de 2012

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Deputado do G.P. Socialista

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 27/04/2012 11:23:33

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Luis Méndez Romeu e José Manuel Gallego Lomba, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A industria automobilística está nun momento difícil, con caídas das vendas dun 20% interanual, e con envellecementos do parque circulante en todos os segmentos: particulares, vehículos comerciais lixeiros, vehículos pesados. Hoxe, segundo o Ministerio do Interior, o 44% dos vehículos que circulan polas estradas españolas, teñen dez ou máis anos, con previsión de medrar e con consecuencias negativas para o medio ambiente e para a siniestralidade viaria.

O peso do sector da automoción é ben coñecido. En Galicia ocupa a 19300 persoas directamente ou indirectamente. Ten un peso do 12% do PIB galego e do 26% das exportacións. Representa o 17% do sector en España e factura 7400 millóns de euros anuais. Xeograficamente está moi concentrado no sur de Galicia.

Os riscos para o sector proceden da conxuntura internacional, con caídas de vendas nos diferentes mercados, e da caída do mercado interior. As organizacións do sector alertan da inviabilidade da produción baseada principalmente na exportación. De feito están anunciados varios peches de factorías en Europa e mesmo en España.

A preocupación de fabricantes e industria auxiliar está sendo trasladada ao Goberno de España. En síntese o sector está a propoñer unha redución das cargas fiscais, un plan de impulso da renovación de flotas de empresa e de vehículos de autónomos, así como plans estruturais de I+D nun sector punteiro en tecnoloxía e innovación, con grande capacidade de arrastre. Ademais o sector demanda a posta en marcha de dúas novas liñas de financiamento do ICO, dirixidas respectivamente a concesionarios, que son os que hoxe soportan coas entidades financeiras propias dos fabricantes, o financiamento das



 Grupo Parlamentario

ventas, e outra dirixida a facilitar a venta de vehículos comerciais e industriais.

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

En Galicia descoñeceuse a posición da Xunta diante da situación descrita. Unha infraestrutura de futuro como a Plataforma PLISAN está paralizada, e non hai noticia da posición da Xunta verbo do Ministerio de Industria.

Nas últimas semanas o Goberno de España ten expresado a vontade de incrementar as axudas ao sector da automoción nun 2'3%, nun contexto de redución xeral das axudas á industria. Ese recoñecemento da importancia estratéxica da automoción, esixe a complementariedade das axudas da Xunta. Os datos empíricos indican que cando se produciu a confluencia de axudas dos fabricantes á venta de vehículos, de axudas estatais e de axudas autonómicas, as ventas medraron de xeito notable.

Doutra banda o sector comercial da automoción, os concesionarios e talleres de reparación, veñen soportando unha crecente competencia desleal. Numerosos talleres clandestinos, que non están suxeitos ós controis de calidade dos fabricantes, ofrecen servizos de reparación con prezos sensiblemente inferiores, tamén sen garantías. Cómpre actuar con decisión para evitar unha competencia desleal. O sector estima que existen arredor de 500 talleres ilegais, que en moitos casos traballan na economía somerxida, sen contratación, sen fiscalidade e sen garantías. A Delegación do Goberno ten iniciado medidas de investigación e persecución do fraude a través da Axencia Tributaria e da Inspección de Traballo. En Galicia, segundo fontes do sector, o nivel de emprego é de 10000 persoas en 900 empresas.

A matriculación de vehículos en Galicia é un 14% inferior que hai un ano mentres para España a cifra é 2%. A produción de Citroën en Vigo caerá no 2012 a cifras de 1997

É por iso que os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Pleno:



 Grupo Parlamentario

Cal é a posición trasladada ao Ministerio de Industria sobre a caída da vendas de automóviles e as medidas de reactivación necesarias?

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2012

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asdo: José Luis Méndez Romeu
José Manuel Gallego Lomba
Deputados do G.P. Socialista

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 27/04/2012 13:00:45

José Manuel Gallego Lomba na data 27/04/2012 13:00:50

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Socialista** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O pasado 28 de febreiro o Parlamento aprobaba por unanimidade a seguinte moción, baseada nunha iniciativa deste grupo parlamentario:

“Moción sobre as actuacións que debe levar a cabo Goberno galego en relación cos contratos asinados e axudas outorgadas polo Igape dende o ano 2009 a diversas empresas, a externalización da súa área internacional, e o convenio asinado para a xestión da Rede Pexga. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 74788, publicada no BOPG núm. 606, do 27.12.2011, e debatida na sesión plenaria do 14.02.2012)”

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Trasladar ao Parlamento toda a información dispoñible sobre os contratos asinados e axudas outorgadas polo IGAPE, así como as axudas de I+D+I, sempre que sexa posible dada a situación xudicial relacionada con algún dos mencionados expedientes, as empresas seguintes:

- a) Laboratorios Nupel*
- b) Procesoil*
- c) Valorización de Residuos Gallegos*
- d) Galimed Trata*
- e) Vector Digital, S.L*
- f) ABH Consultoría*
- g) Albromat Servicios Integrales*
- h) Fundación Porto de Vigo*

2. Trasladar ao Parlamento os resultados das investigacións internas do Igape no caso de que se detectasen condutas irregulares



 Grupo Parlamentario

deshonestas ou de conflitos de intereses, así como dos correspondentes expedientes disciplinarios iniciados.

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

3. *Dar conta ao Parlamento sobre o convenio asinado coa Confederación de Empresarios de Galicia para a xestión da Rede PEXGA.*

4. *Informar ao Parlamento no prazo de 3 meses sobre a eficiencia das axudas inferiores a 6.000 euros concedidas polo Igape.*

Transcorridos dous meses o Parlamento non ten recibido ningunha información.

En consecuencia formulase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Que motivos impiden dar cumprimento ao devandito acordo parlamentario?

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2012

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Deputado do G.P. Socialista

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 27/04/2012 13:06:36



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Pacto local asinado durante o Goberno anterior de Galicia, entre a Xunta e a Federación de Municipios, incorporaba unha cláusula para o progresivo traspaso á Xunta dos gastos de mantemento de colexios de ensino primario e centros de saúde, por consideralos de competencia estritamente autonómica, con independencia de que no seu momento foran asumidos polos concellos.

Esa cláusula está a ter un desenvolvemento certamente lento. Dende que foi asinado no ano 2006, só 36 centros de saúde foron asumidos pola Xunta, sobre un total de 400. Agora anunciase que no ano 2013 poderían traspasarse de 25 a 30 centros. Para os centros non transferidos a Xunta aportará ós Concellos menos de 900000 euros.

A situación de crise económica estrutural nos concellos é ben coñecida e está documentada. O traspaso dos servizos que non se corresponden coas competencias locais, é o camiño demandado unánimemente por todas as administracións locais, conscientes de que non é posible continuar o modelo actual baseado nas axudas finalistas que outorgan outras administracións para cubrir o custo dos servizos impropios. Nin esas axudas acadan o volume necesario e ademais están suxeitas ás continxencias orzamentarias e de conxuntura política.

As facendas locais, alcumadas de “raqúiticas” por destacados expertos, son ademais pouco elásticas. Nos cinco tributos locais propios a capacidade de adaptar os ingresos ás demandas de gasto, é moi limitada. A elevada dependencia das transferencias do Estado e en menor medida das axudas da Comunidade Autónoma, non facilita a autonomía fiscal.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso o cativo interese que a Xunta ten manifestado durante tres anos polos problemas do municipalismo galego non se resolve coa aprobación dunha Area Metropolitana que nace sen o grao mínimo de consenso co principal concello da mesma, verdadeiro núcleo económico e social que dá sentido aos servizos metropolitanos. Nin axuda á fusión imposta de pequenos concellos rurais contra a que se teñen pronunciado numerosas voces do municipalismo.

En consecuencia o deputado que asina pregunta o Goberno galego a seguinte cuestión:

Que valoración fai o Goberno galego das competencias impropias exercidas polos concellos galegos?

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2012

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Deputado do G.P. Socialista

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 26/04/2012 13:21:04



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 11:50
Nº Rexistro: 81667
Data envío: 30/04/2012 11:50:39.099

Á Mesa do Parlamento

María Tereixa Paz Franco e Isabel Sánchez Montenegro , deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á fumigación masiva que se vai realizar co produto CASCADE.

Nas últimas semanas fíxose pública a intención de realizar fumigacións masivas para facerlle fronte á praga de *gonipterus scutellatus*, gorgullo que afecta aos eucaliptos.

Concretamente a Xunta de Galiza está coordinando, a través da Secretaría Xeral de Montes, coa autorización do departamento competente en sanidade vexetal, unha actuación promovida por ASPAPEL (Asociación de produtores de pasta de papel) que ten como finalidade a fumigación de eucaliptos. Esta fumigación levouse a cabo por recomendación do Centro de investigación de Arreiro, dependente da Deputación Provincial de Pontevedra, cun produto cuxo principio activo é o flufenoxuron, co nome comercial de Cascade, e que foi prohibida a súa utilización pola Unión Europea.

Existen xa a día de hoxe numerosos estudos que desaconsellan a utilización deste tipo de produtos sistémicos neurotóxicos polas súas graves consecuencias para a propia flora, para a fauna e mesmo para a súa de das persoas.

Concretamente, no que se refire á actividade produtiva está máis que constatado como este tipo de pesticidas, ao igual que outros produtos fitosanitarios,



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 11:50
Nº Rexistro: 81667
Data envío: 30/04/2012 11:50:39.099

entre outros, están relacionados coa desaparición de grande cantidade de abellas e de colmeas en diferentes partes do noso territorio.


A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego esta actuación, na que tamén se solicitou a implicación dos concellos para recadar as autorizacións dos propietarios das terras para proceder á súa fumigación, constitúe un auténtico desatino desde todos os puntos de vista: desprezo pola actividade produtiva dos apicultores; desprezo pola afectación á flora e aos cultivos por programarse fumigacións aéreas indiscriminadas cando as plantas están en flor; desprezo polas consecuencias ambientais e para a saúde das persoas e, ademais, desprezo pola legalidade ao permitir a utilización dun produto prohibido pola UE, que supoñemos que se fará por austeridade, xa que se poderá comprar a “prezo de saldo”.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas asinantes, a presentar a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Ten previsto o Goberno galego revocar as autorizacións para a fumigación de masas de eucaliptos cun produto prohibido pola Unión Europea?

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2012.

Asdo.: María Tereixa Paz Franco
Isabel Sánchez Montenegro
Deputadas do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 11:50
Nº Rexistro: 81667
Data envío: 30/04/2012 11:50:39.099

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 30/04/2012 11:37:58

Isabel Sánchez Montenegro na data 30/04/2012 11:38:01



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 11:51
Nº Rexistro: 81668
Data envío: 30/04/2012 11:51:27.990

Á Mesa do Parlamento


María Tereixa Paz Franco, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á adopción de medidas para promover e protexer a produción apícola en Galiza.

A aparición de cultivos de organismos xeneticamente modificados (OXM) ten provocado alerta no sector produtor vinculado ao sector primario.

No caso da apicultura esta preocupación, que xa viña manifestando o sector, viuse agravada por unha recente resolución, de setembro de 2011, do Tribunal de Xustiza Europeo, que impide comercializar o seu mel a un apicultor alemán pola presenza de trazas de OXM.

Esta situación constata que a coexistencia nos cultivos de organismos modificados xeneticamente en pleno campo e a apicultura é de facto imposíbel.

Esta ameaza para as abellas e a apicultura ven a sumarse á ameaza que xa padece como consecuencia do uso de pesticidas neurotóxicos que cada ano provoca a desaparición de milleiros de enxames e que conxuntamente poñen en risco de pervivencia esta acta actividade e tamén a supervivencia das abellas, elementos indispensábeis para a preservación da biodiversidade.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 11:51
Nº Rexistro: 81668
Data envío: 30/04/2012 11:51:27.990

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, a presentar a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai realizar o seu departamento para protexer a produción apícola do uso de pesticidas neurotóxicos?

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2012.

Asdo.: María Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 30/04/2012 11:19:23



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 11:55
Nº Rexistro: 81670
Data envío: 30/04/2012 11:55:38.039

Á Mesa do Parlamento


María Tereixa Paz Franco, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á adopción de medidas para promover e protexer a produción apícola en Galiza.

A aparición de cultivos de organismos xeneticamente modificados (OXM) ten provocado alerta no sector produtor vinculado ao sector primario.

No caso da apicultura esta preocupación, que xa viña manifestando o sector, viuse agravada por unha recente resolución, de setembro de 2011, do Tribunal de Xustiza Europeo, que impide comercializar o seu mel a un apicultor alemán pola presenza de trazas de OXM.

Esta situación constata que a coexistencia nos cultivos de organismos modificados xeneticamente en pleno campo e a apicultura é de facto imposíbel.

Esta ameaza para as abellas e a apicultura ven a sumarse á ameaza que xa padece como consecuencia do uso de pesticidas neurotóxicos que cada ano provoca a desaparición de milleiros de enxames e que conxuntamente poñen en risco de pervivencia esta acta actividade e tamén a supervivencia das abellas, elementos indispensábeis para a preservación da biodiversidade.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 11:55
Nº Rexistro: 81670
Data envío: 30/04/2012 11:55:38.039

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, a presentar a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai realizar o seu departamento para protexer as explotacións apícolas da ameaza que supón a presenza de OXM?

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2012.

Asdo.: María Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 30/04/2012 11:19:57



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 13:16
Nº Rexistro: 81681
Data envío: 30/04/2012 13:16:05.445

Á Mesa do Parlamento

María Tereixa Paz Franco, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á ocultación de informes técnicos en relación co accidente dun avión do dispositivo de loita contra incendios e das represalias aos técnicos autores do informe.

No pasado mes de outubro produciuse un accidente dun avión na base de Beariz que a Consellaría de Medio Rural atribuíu a un erro do piloto.

Recentemente soubose que isto foi así a pesar da existencia dun informe técnico no que se atribuíu este accidente ao deterioro dos freos do avión. Deterioro que ao parecer se viña detectando desde había semanas. Hai varias cuestións en relación con este tema que deberan ser investigadas exhaustivamente e explicadas de forma clara e inequívoca á cidadanía:

1.- Cales foron as causas exactas, a teor dos informes técnicos do accidente de avión en Beariz.

2.- Desde cando se viña apreciando o deterioro nos freos deste aparato. Era coñecido este deterioro.

3.- Era similar a situación dos outros dous avións de coordinación.

4.- Que din os informes en relación co accidente ocorrido un mes despois no que faleceu o piloto.

5.- Existe algún informe en relación coa situación destas aeronaves de cerca de 40 anos.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 13:16
Nº Rexistro: 81681
Data envío: 30/04/2012 13:16:05.445

6.- Tendo en conta que fai un ano o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego denunciou a substitución de helicópteros por avións lixeiros para tarefas de coordinación por tratarse de aeronaves de cerca de 40 anos, o tempo e os accidentes deberan motivar unha rectificación da Xunta.

7.- Compensa este eventual risco por un mínimo aforro.

E como corolario a todas estas incógnitas que deberan esclarecerse, agora sabemos que o Secretario Xeral de Montes, cando foi coñecedor do informe técnico elaborado e asinado por dous técnicos contratados para o dispositivo a través de NATURTECNIA, procedeu a ordenar de forma inmediata e fulminante o seu despido, na máis xenuína liña de actuación deste goberno de man dura con quen non avala as súas teses mesmo por enriba das evidencias empíricas e científicas.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta:

É práctica habitual na Secretaría Xeral de Montes tomar represalias contra os técnicos que non elaboran os seus informes técnicos ao ditado dos intereses políticos do Goberno?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2012.

Asdo.: María Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2012 13:16
Nº Rexistro: 81681
Data envío: 30/04/2012 13:16:05.445

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 30/04/2012 13:07:43



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Modesto Pose Mesura, Carmen Acuña do Campo, Miguel Angel Fernández López e Beatriz Sestayo Doce, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Por parte de diferentes responsables do Partido Popular, tanto no Estado como nas diferentes autonomías e moi especialmente por parte da ministra de Sanidade e da conselleira de Sanidade de Galicia, véñense facendo declaracións en relación coa asistencia sanitaria aos estranxeiros, culpabilizando aos de fóra da situación de crise. Fálase de turismo sanitario e de abuso no uso dos recursos sanitarios por parte dos inmigrantes.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista creemos que a lexislación está clara para a atención sanitaria dos cidadáns non españois, pero en todo caso o Grupo Socialista quere coñecer cal é a realidade en Galicia.

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é a frecuentación dos inmigrantes nos diferentes dispositivos asistenciais do Sergas?

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2012

Asdo.: Modesto Pose Mesura
Carmen Acuña do Campo
Miguel Angel Fernández López
Beatriz Sestayo Doce
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

Modesto Pose Mesura na data 30/04/2012 15:40:45

María del Carmen Acuña do Campo na data 30/04/2012 15:40:52

Miguel Ángel Fernández López na data 30/04/2012 15:40:56

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Beatriz Sestayo Doce na data 30/04/2012 15:41:01



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Modesto Pose Mesura, Carmen Acuña do Campo, Miguel Angel Fernández López e Beatriz Sestayo Doce, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Na derradeira comparecencia da Sra. conselleira de Sanidade o 24 de abril expuxo, en sede parlamentaria, que a reforma no modelo de financiamento dos medicamentos, especialmente aos pensionistas, estaba fundamentada non nunha idea de recadación, senón cunha intención fundamentalmente disuasoria. Mesmamente fixo fincapé no acopio inxustificado de medicamentos nos domicilios por parte dos pensionistas. Toneladas de despilfarro en medicamentos foi o termo empregado.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista non se comparte esta visión do problema, pero en todo caso, non considera responsable ao doente pensionista.

Por todo ilo, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que fixo a Consellería de Sanidade para corrixir o suposto exceso de medicamentos nos domicilios?

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2012

Asdo.: Modesto Pose Mesura
Carmen Acuña do Campo
Miguel Angel Fernández López
Beatriz Sestayo Doce
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

Modesto Pose Mesura na data 30/04/2012 15:51:13

María del Carmen Acuña do Campo na data 30/04/2012 15:51:18

Miguel Ángel Fernández López na data 30/04/2012 15:51:21

Beatriz Sestayo Doce na data 30/04/2012 15:51:26

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa da Cámara

M^a Dolores Rodríguez Amoroso, José Manuel Lage Tuñas e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O pasado 25 de xaneiro na Comisión de Xustiza do Congreso o ministro de Xustiza, Alberto Ruíz Gallardón anunciou a introdución de taxas xudiciais para poder acceder á segunda instancia.

O 29 de marzo coñecemos o anteproxecto de lei relativo a este tema, no que se establecen por primeira vez taxas para a segunda instancia na xurisdición laboral e aumentan de xeito significativo as taxas nos ordes civil, administrativo e mercantil.

Polo anteriormente exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como valora o Goberno galego a decisión do Goberno de España de aumentar de xeito xeneralizado as taxas xudiciais?

Pazo do Parlamento, 30 de abril de 2012

Asdo.: M^a Dolores Rodríguez Amoroso

José Manuel Lage Tuñas

Juan Carlos Francisco Rivera

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria Dolores Rodriguez Amoroso na data 30/04/2012 17:44:21

José Manuel Lage Tuñas na data 30/04/2012 17:44:26



 Grupo Parlamentario

Juan Carlos Francisco Rivera na data 30/04/2012 17:44:31

Partido dos
Socialistas
de Galicia



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Mª Dolores Rodríguez Amoroso e José Manuel Lage Tuñas, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Como valora o Goberno galego o informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, "Principios para una nueva demarcación judicial", no que afecta a Galicia?

Pazo do Parlamento, 30 de abril de 2012

Asdo.: Mª Dolores Rodríguez Amoroso

José Manuel Lage Tuñas

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria Dolores Rodríguez Amoroso na data 30/04/2012 16:49:59

José Manuel Lage Tuñas na data 30/04/2012 16:50:04

Á MESA DO PARLAMENTO

Pedro Arias Veira, Natalia Barros Sánchez, Cristina Romero Fernández, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Antonio Fraga Sánchez, Ángeles Díaz Pardo e Alberto Sueiro Pastoriza, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Durante o mes de abril do presente 2012, a Consellería de Economía e Industria participou, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), na Conferencia Europea de Cluster 2012, onde se reuniu a representantes de iniciativas e consorcios de proxectos europeos en materia de cluster co obxecto de analizar e acordar de que xeito estas organizacións poden impulsar a innovación e a competitividade nas rexións europeas.

Asemade neste cumio presentouse e votouse o Vienna Cluster Manifesto, co obxectivo de poñer en valor e referendar o labor de todos os entes e colectivos que veñen desenvolvendo en Europa actividades e iniciativas arredor dos clúster. Este manifesto preséntase como un documento de empuxe e apoio ás políticas europeas de futuro orientadas ao desenvolvemento de cluster de excelencia.

O Igape ten participado nos traballos previos e votou en positivo aspectos do borrador do manifesto referidos á importancia do impulso da competitividade e a innovación futura de Europa, a través dos cluster europeos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Cal é a actual estratexia que está a desenvolver a Consellería de Economía e Industria no eido dos clusters?.

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2012

Asinado dixitalmente por:

Pedro Manuel Arias Veira na data 30/04/2012 17:46:56

Natalia Barros Sánchez na data 30/04/2012 17:47:07

Cristina Isabel Romero Fernández na data 30/04/2012 17:47:11

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 30/04/2012 17:47:16

Antonio Fraga Sánchez na data 30/04/2012 17:47:22

Maria Angeles Díaz Pardo na data 30/04/2012 17:47:28

Alberto Sueiro Pastoriza na data 30/04/2012 17:47:31

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Luis Méndez Romeu, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O pasado mes de xullo do 2011, o conselleiro de Economía e Industria informaba á Cámara, da elaboración dunha proposta propia da Comunidade Autónoma, sobre o sistema de arrendamento financeiro para a construción de buques, denominado como “tax-lease”.

Nese intre e logo da denuncia interposta por armadores holandeses, a Unión Europea tiña iniciado procedemento de suspensión do sistema español. A posición do conselleiro de Industria, fortemente crítica co Executivo anterior do Estado, foi reiteradamente exposta na Cámara e nos medios de comunicación, así como diante do sector.

Dez meses máis tarde, renovado o Goberno do Estado, as negociacións coa Unión Europea fican aparentemente nun punto morto. A proposta da Comisión, que segundo as informacións publicadas de xeito non oficial, esixiría a extensión do mecanismo financeiro a todos os sectores industriais, non é aceptada polo Ministerio de Industria. Pero descoñécese a alternativa que este ofrece. A desesperanza está instalada no sector.

O conselleiro de Economía e Industria, antes tan expresivo en opinións e propostas, agora garda silencio. Non se coñece a posición trasladada ao Ministro de Industria, nin o valor do documento elaborado en xullo pasado, destinado a resolver a situación. En tempos semellantes, a capacidade negociadora do Goberno actual non supera a do Goberno anterior, coa diferenza de que na lexislatura pasada o sector acadou cotas históricas de contratación e de emprego, e na lexislatura actual anota un dos peores momentos da historia.



 Grupo Parlamentario

En consecuencia formúlase a seguinte pregunta para a súa contestación oral en Pleno.

Cal foi a resposta da Comisión Europea e do Ministerio de Industria ao documento sobre o *tax-lease* presentado pola Consellería de Economía e Industria en xullo do 2011?

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

Pazo do Parlamento, 30 de abril de 2012

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Deputado do G.P. Socialista

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 30/04/2012 17:59:14

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O real decreto 1699/2011, do 18 de novembro, publicado o 8 de decembro do mesmo ano, regulou a conexión á rede de instalacións de produción de enerxía eléctrica de pequena potencia. Significaba a transposición da Directiva europea 2009/28/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril do 2009, relativa ao pulo do uso da enerxía procedente de fontes renovables, establecendo ademais a aceleración dos procedementos administrativos de autorización e conexión a redes de distribución e transporte de enerxía eléctrica.

A disposición adicional segunda do real decreto establece que no prazo de catro meses, cumpridos o pasado día 9 de abril, o Ministerio de Industria elevará ao Goberno unha proposta de real decreto regulando as condicións administrativas, técnicas e económicas do consumo de enerxía eléctrica producida no interior da rede dun consumidor para o seu propio uso.

O borrador de real decreto foi sometido a consulta pública e informado pola Comisión Nacional da Enerxía polo que o retraso na súa aprobación é responsabilidade exclusiva do Goberno.

A normativa implanta o denominado balance neto, polo que se implanta un sistema de autoconsumo, e un mecanismo regulador do exceso ou déficit de produción propia. Trátase dunha normativa de extraordinario interese para consumidores con potencia superior a 10 quilovatios/hora e inferiores a 100 quilovatios/hora. É dicir, para vivendas exentas, pequenas industrias, explotacións agrogandeiras, é dicir un número elevado de consumidores que verían drasticamente diminuído o gasto enerxético, segundo as condicións finais que se regulen.



 Grupo Parlamentario

Para a industria pode significar unha oportunidade extraordinaria na que as empresas galegas poden ser pioneiras. De feito existen varias, agrupadas na Asociación de Enerxía Minieólica de Galicia, que teñen presentado alegacións ao proxecto de real decreto.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

As alegacións versan sobre o límite máximo de potencia en relación coa actividade industrial ou agropecuaria, as agrupacións de consumidores, cooperativas ou centros comerciais. A agrupación en micro redes favorecería a implantación no medio rural onde son frecuentes os hábitats de poucas vivendas.

Tamén se teñen presentado alegacións sobre as peaxes de acceso, o contrato de subministro e os incentivos para o desenvolvemento do autoconsumo.

O desenvolvemento das instalacións minieólicas precisa de financiamento a tipos de interese competitivo, de programas de axuda directa. Os beneficios son evidentes: para os consumidores, unha forte minoración do custo; para a industria, o desenvolvemento dun nicho de negocio con capacidade de expansión noutros mercados; para a economía, a minoración da dependencia enerxética.

A Comunidade Autónoma de Galicia, pioneira no desenvolvemento da enerxía eólica, debe liderar de novo o proceso. Compre en primeiro lugar dialogar e convencer ó Ministerio de Industria para non adiar os prazos de aprobación do real decreto comentado e integrar as alegacións que presenta o sector.

En consecuencia formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Como valora o Goberno galego a oportunidade que se abrirá para a industria minieólica galega, coa aprobación do Real decreto regulador do autoconsumo e do balance neto?

Pazo do Parlamento, 30 de abril de 2012



 Grupo Parlamentario

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Deputado do G.P. Socialista

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 30/04/2012 19:22:47



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Logo de tres décadas de democracia en España, nalgúns concellos galegos os usos autoritarios e o desprezo polas normas básicas do debate político, son constantes. Algúns alcaldes do Partido Popular non consideran necesario contestar ás preguntas da oposición, nin poñer á disposición dos grupos municipais a documentación dos asuntos que se deben debater, nin facilitar locais para que a oposición cumpra coa súa función de atender ós veciños e exercer o labor de fiscalización.

Non é admisible que a oposición teña que recorrer ós tribunais de xustiza para facer valer os principios democráticos. Nin é admisible nin é eficaz. A institución do Valedor do Pobo non ten competencias executivas e as súas recomendacións poden ser desoídas. A resolución dos asuntos locais esixe tempos de resposta acaídos.

O alcalde de Beade, nomeado pola ditadura, continúa no seu posto, logo de 38 anos nos que ten efectuado numerosas proclamas de adhesión ao réxime represivo e utilizado reiteradamente os símbolos do Estado franquista. El mesmo se define como “coherente”. Coherencia coa ditadura que lle leva a convocar plenos cando considera e non cando regula a lei. Pero as leis están para ser cumpridas. E a Xunta e o grupo político que a sustenta deben ser garantía dese cumprimento.

Non é aceptable que se pretenda subtraera ao coñecemento da oposición a xestión de asuntos locais, competencia do concello, a medio do seu traspaso a institucións supramunicipais. Así a Mancomunidade Terras de Celanova evita dar contas á oposición sobre a súa actividade, transformándose nun exemplo extremo de opacidade. Ou o recente Consorcio da Conca do Lerez constituído sen a menor explicación diante dos representantes electos.

 Grupo ParlamentarioPartido dos
Socialistas
de Galicia

Son exemplos elocuentes. O presidente da Mancomunidade Terras de Celanova ten como empregados a sete familiares e os demais directivos a outros nove. O mesmo presidente ten utilizado en diferentes ocasións as canles públicas para destinar fondos comunitarios ás súas propias empresas. Son casos flagrantes do chamado “baltarismo”, tan estendido dende a Deputación Provincial de Ourense.

O Presidente Núñez Feijoo, quen ademais dirixe o Partido Popular de Galicia, non pode alegar descoñecemento. Algúns deses casos e outros semellantes, son noticia frecuente nos medios de comunicación. Son un lamentable exemplo de desprezo polas formas democráticas e sobre todo polo fondo: o control do goberno polos cidadáns a medio dos seus representantes.

Sendo necesario erradicar esas prácticas formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Que medidas adoptará a Xunta de Galicia para restaurar o normal funcionamento democrático das devanditas institucións?

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2012

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Deputado do G.P. Socialista

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 30/04/2012 19:44:35



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os sucesivos escándalos nos que estivo implicado o equipo directivo do Igape, algún dos que continúan o seu curso procesual na instancia xudicial, teñen provocado un grave dano á institución.

O certo é que durante meses o conselleiro de Economía e Industria mantivo unha defensa acérrima do director xeral do Igape naquel intre.

A presión dos acontecementos rematou co seu cese. Como xa foi denunciado entre outros polo deputado que asina, na xestión cotián do Igape viñan producíndose conflitos de interese nos que ninguén quería reparar. Directivos que contrataban sistematicamente ás empresas das que procedían utilizando as fórmulas de concurso negociado e sen publicidade e as posibilidades brindadas por unha estrutura de directivos cada vez máis dependente da libre designación e polo tanto dependente en grao máximo.

Así por exemplo o propio director xeral contactan coa súa empresa de procedencia a auditoría do instituto.

Calquera atisbo de imparcialidade na información queda gravemente comprometido. O contrato e adxudicado sen publicidade do mesmo xeito que uns meses máis tarde, contrata coa mesma empresa e por igual procedemento o deseño da rede exterior PEXGA. Unha vez que esa rede é conveniada coa Confederación de Empresarios, esta contrata novamente a esa empresa auditora.

O director xeral do Igape nunca atopou incompatibilidade ética nin ilegal para outorgar contratos, sen concurso público a súa empresa de orixe. Nin para validar gastos de terceiros, suxeitos á autorización, coa mesma empresa.



 Grupo Parlamentario

Non é estraño que o secretario xeral seguisse a mesma conduta de colisión de intereses.

..... Sendo condutas reprobables e punibles, o deputado que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Pleno:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

..... Pode explicar o Sr. conselleiro a valoración das contratacións efectuadas polo anterior director xeral do Igape?

Pazo do Parlamento, 30 de abril de 2012

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Deputado do G.P. Socialista

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 30/04/2012 19:45:09

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu e Carmen Gallego Calvar, deputado e deputada, pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Dende hai décadas a Deputación Provincial de Ourense é o paradigma de malas prácticas na administración. Nepotismo recorrente, quebra dos principios de transparencia e obxectividade, cadros de persoal desorbitados, cativo investimento. En toda España falar da Deputación de Ourense e identificar un modelo do pasado. Novecentos empregados, a metade relacionados cos dirixentes populares, abundancia de organismos autónomos para xustificar cadros de persoal desmesurados e negación da igualdade de oportunidades no acceso á función pública, son algúns trazos identificadores do modelo.

A Unión Europea vén de detectar indicios de fraude no desvío de fondos estruturais para construír plantas depuradoras de augas que agora manteñen un funcionamento irregular, non cumprindo a función para que foron construídas. Tamén en proxectos de rehabilitación de estacións de ferrocarril ou de construción de centros para transformación de biomasa.

De acordo ás informacións publicadas nos medios de comunicación e non desmentidas, existiron procedementos viciados na adxudicación das plantas depuradoras, un contrato de 5'3 millóns de euros cun prego de condicións técnicas que excluía a libre concorrência. Todas as depuradoras foron adxudicadas á mesma empresa, Facet Ibérica, e distribuídas por SMA. O mantemento posterior está asumido pola deputación provincial. Os alcaldes parecen estar protestando polo custo enerxético, 10 quilovatios/hora, a radicación non axeitada nalgúns casos e problemas de deseño, por depurarse simultaneamente augas residuais e pluviais.



 Grupo Parlamentario

Correspondendo á Consellería de Medio Ambiente definir a política de augas en Galicia, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

Que valoración fai a Xunta de Galicia do estado da depuración de augas residuais nos concellos da provincia de Ourense?

Pazo do Parlamento, 30 de abril de 2012

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Carmen Gallego Calvar
Deputado e deputada do G.P. Socialista

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 30/04/2012 19:45:26

Carmen Gallego Calvar na data 30/04/2012 19:45:31

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marisol Piñeiro Martínez, Encarna González Montemuiño, Rosa Oubiña Solla, Gema Freire Insua, Marta Valcárcel Gómez e Fátima Iglesias Ferreira, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

A Conselleira do Medio Rural e do Mar remitiu ás asociacións do sector o borrador do decreto que regulará a comercialización en orixe dos produtos pesqueiros e que, entre outras novidades, integrará por primeira vez toda a normativa galega e estatal nesta materia. O texto normativo inicia así o seu trámite de consultas entre os diferentes sectores implicados no seu desenvolvemento práctico (extractivo, comercializador, transformador e acuícola) aos que se lle está a facer chegar o borrador de decreto nestas datas.

O Grupo Parlamentario Popular considera moi positivo o inicio dos trámites que rematarán coa aprobación do novo decreto e sinala como prioritario actualizar e adaptar a regulamentación actualmente vixente neste ámbito ás novidades introducidas na lexislación estatal e comunitaria, debido aos cambios que sufriron estas normativas nos últimos tempos. De feito o novo decreto substituirá as anteriores normas que durante case dúas décadas regularon a comercialización dos produtos pesqueiros.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta para a súa resposta en Pleno.

Cales son as principais novidades que inclúe o novo decreto en relación coa normativa actualmente vixente?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2012

Asinado dixitalmente por:

Jose Manuel Balseiro Orol na data 02/05/2012 10:32:39

María Soledad Piñeiro Martínez na data 02/05/2012 10:32:47

Encarnación González Montemuíño na data 02/05/2012 10:32:52

Rosa Oubiña Solla na data 02/05/2012 10:33:00

Freire Insua, Gema na data 02/05/2012 10:33:09

Marta Valcárcel Gómez na data 02/05/2012 10:33:21

María de Fátima Iglesias Ferreira na data 02/05/2012 10:33:28

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marisol Piñeiro Martínez, Encarna González Montemuiño, Rosa Oubiña Solla, Gema Freire Insua, Marta Valcárcel Gómez e Fátima Iglesias Ferreira, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

A Conselleira do Medio Rural e do Mar remitiu ás asociacións do sector o borrador do decreto que regulará a comercialización en orixe dos produtos pesqueiros e que, entre outras novidades, integrará por primeira vez toda a normativa galega e estatal nesta materia. O texto normativo inicia así o seu trámite de consultas entre os diferentes sectores implicados no seu desenvolvemento práctico (extractivo, comercializador, transformador e acuícola) aos que se lle está a facer chegar o borrador de decreto nestas datas.

O Grupo Parlamentario Popular considera moi positivo o inicio dos trámites que rematarán coa aprobación do novo decreto e sinala como prioritario actualizar e adaptar a regulamentación actualmente vixente neste ámbito ás novidades introducidas na lexislación estatal e comunitaria, debido aos cambios que sufriron estas normativas nos últimos tempos. De feito o novo decreto substituirá as anteriores normas que durante case dúas décadas regularon a comercialización dos produtos pesqueiros.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta para a súa resposta en Pleno.

Cal é a tramitación prevista para a aprobación deste novo decreto, unha vez rematado o prazo de consultas ao sector?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2012

Asinado dixitalmente por:

Jose Manuel Balseiro Orol na data 02/05/2012 10:33:54

María Soledad Piñeiro Martínez na data 02/05/2012 10:34:01

Encarnación González Montemuíño na data 02/05/2012 10:34:06

Rosa Oubiña Solla na data 02/05/2012 10:34:14

Freire Insua, Gema na data 02/05/2012 10:34:23

Marta Valcárcel Gómez na data 02/05/2012 10:34:34

María de Fátima Iglesias Ferreira na data 02/05/2012 10:34:45

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marisol Piñeiro Martínez, Encarna González Montemuiño, Rosa Oubiña Solla, Gema Freire Insua, Marta Valcárcel Gómez e Fátima Iglesias Ferreira, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

A Conselleira do Medio Rural e do Mar remitiu ás asociacións do sector o borrador do decreto que regulará a comercialización en orixe dos produtos pesqueiros e que, entre outras novidades, integrará por primeira vez toda a normativa galega e estatal nesta materia. O texto normativo inicia así o seu trámite de consultas entre os diferentes sectores implicados no seu desenvolvemento práctico (extractivo, comercializador, transformador e acuícola) aos que se lle está a facer chegar o borrador de decreto nestas datas.

O Grupo Parlamentario Popular considera moi positivo o inicio dos trámites que rematarán coa aprobación do novo decreto e sinala como prioritario actualizar e adaptar a regulamentación actualmente vixente neste ámbito ás novidades introducidas na lexislación estatal e comunitaria, debido aos cambios que sufriron estas normativas nos últimos tempos. De feito o novo decreto substituirá as anteriores normas que durante case dúas décadas regularon a comercialización dos produtos pesqueiros.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta para a súa resposta en Pleno.

Cales son os subsectores que se lle está a remitir o borrador do novo decreto de comercialización en orixe dos produtos pesqueiros frescos?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2012

Asinado dixitalmente por:

Jose Manuel Balseiro Orol na data 02/05/2012 10:35:09

María Soledad Piñeiro Martínez na data 02/05/2012 10:35:17

Encarnación González Montemuíño na data 02/05/2012 10:35:22

Rosa Oubiña Solla na data 02/05/2012 10:35:30

Freire Insua, Gema na data 02/05/2012 10:35:38

Marta Valcárcel Gómez na data 02/05/2012 10:35:50

María de Fátima Iglesias Ferreira na data 02/05/2012 10:35:59

A Mesa do Parlamento

Agustín Baamonde Díaz, Marisol Díaz Mouteira, Pedro M. Arias Veira, Román Rodríguez González, Teresa Villaverde Pais, Marisol Piñeiro Martínez e Lourdes Yáñez García, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

A Fundación Camilo José Cela foi constituída con data do 14 de xullo de 1986 coa finalidade de promover o estudo da obra de Camilo José Cela e a clasificación, conservación e difusión dun rico e completo legado, ata entón amoreado e sen apenas divulgación, composto por manuscritos orixinais do autor, referencias literarias, un amplo patrimonio bibliográfico e arquivístico e unha valiosa colección pictórica e artística.

Polo seu labor de promoción da cultura e de conservación do patrimonio deste autor, así como pola relevancia dos fondos que custodia, a Fundación Camilo José Cela é unha das institucións culturais máis importantes da nosa Comunidade Autónoma.

O Consello da Xunta de Galicia do pasado día 26 de abril vén de aprobar a integración da Fundación Camilo José Cela no sector público co obxectivo de asumir a custodia e a protección do patrimonio cultural e humano do noso único Premio Nobel de Literatura.

Esta integración supón que o ente pasará a ser un medio propio e instrumental da Xunta de Galicia e implica a asunción dun importante compromiso co labor de preservación e difusión dun legado que consideramos de grande importancia para Galicia e para a cultura galega e universal.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que análise fai o Goberno galego do proceso de integración no sector público autonómico da Fundación Camilo José Cela?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2012

Asinado dixitalmente por:

Agustin Baamonde Díaz na data 02/05/2012 12:36:52

Marisol Diaz Mouteira na data 02/05/2012 12:36:59

Pedro Manuel Arias Veira na data 02/05/2012 12:37:07

Román Rodríguez González na data 02/05/2012 12:37:12

Maria Teresa Villaverde Pais na data 02/05/2012 12:37:21

María Soledad Piñeiro Martínez na data 02/05/2012 12:37:31

Lourdes Yáñez García na data 02/05/2012 12:37:40



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2012 16:50
Nº Rexistro: 81804
Data envío: 02/05/2012 16:50:57.406

Á Mesa do Parlamento

Fernando Branco Parga, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A CNE vén de publicar o Informe Marco, do ano 2011, sobre a demanda de enerxía eléctrica e gas natural e a súa cobertura.

A respecto da demanda eléctrica considera que estamos en valores do ano 2006, si ben no ano 2010 medrou un 2,9%, no ano 2009 baixara un 4,7% e no 2011 a minoración foi do 2,1%.

Sobre o incremento da oferta de xeración eléctrica espérase un incremento de potencia reducido.

De feito, este Informe analiza os efectos do Real decreto-lei 1/2012, de 27 de xaneiro, polo que se procede á suspensión dos procedementos de preasignación de retribución e á suspensión dos incentivos económicos para novas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de coxeración, fontes de enerxía renovábeis e residuos.

Como é coñecido, o RD-L 1/2012, artigo 2, é de aplicación ás instalacións de réxime especial que á data de entrada en vigor non estivesen inscritas no Rexistro de preasignación de retribución previsto no artigo 4.1 do Real decreto-lei 6/2009, de 30



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2012 16:50
Nº Rexistro: 81804
Data envío: 02/05/2012 16:50:57.406

de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social.

Na aplicación dos efectos reais deste RD-L 1/2012, a previsión da CNE de incremento de enerxía eólica, no sistema peninsular, é a seguinte:

Potencia	2012	2013	2014	2015
Eólica	22.470	23.944	23.944	23.944

É dicir, a CNE considera que entre 2015 e este ano 2012, o incremento de potencia eólica instalada será de 1.474 Mw.

Temos que considerar que o Concurso Eólico impulsado polo actual Goberno Galego é de 2.325 MW e que os procedementos de preasignación están agora suspendidos.

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** formula a seguinte Pregunta:

Que valoración fai a Consellaría de Economía e Industria, desta conclusión do organismo regulador –CNE-, sobre o futuro incremento de enerxía eólica?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2012.

Asdo.: Fernando Branco Parga

Deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2012 16:50
Nº Rexistro: 81804
Data envío: 02/05/2012 16:50:57.406

Asinado dixitalmente por:

Fernando Branco Parga na data 02/05/2012 16:38:52



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso e Fernando Branco Parga, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno** dirixida ao Goberno Galego, sobre o posíbel contrato para a construción de buques para a empresa mexicana Pemex.

De “oportunidade histórica” definiu o Presidente da Xunta o inicio de acordo entre a empresa estatal mexicana Pemex e o sector naval galego. Segundo o seu anuncio este inicio de acordo conleva “carga de traballo, investimentos e emprego” e que proba que “Galiza é un lugar axeitado para investir. Así de triunfal cualificaba o titular da Xunta este anuncio na súa visita a México acompañando ao presidente do Goberno do Estado.

Esta “grande operación comercial” posibilitaría que o sector naval galego constrúa buques para a flota menor da petroleira Pemex e, inclusive posibilitaría que as empresas auxiliares galegas participarían noutra serie de barcos en México. Esta operación sería produto de varios meses de traballo e esforzo por parte do executivo galego para paliar a situación pola que esta atravesando o naval galego.

Son xa varios os anuncios feitos polo presidente da Xunta e que, segundo as súas manifestacións, permitirían devolver a este sector a súa capacidade de resposta e xerar unha importante carga de traballo e de emprego.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Máis, os traballadores e traballadoras do sector xa están familiarizados coas continuas promesas do Presidente da Xunta no que unha tras outra vai pasando o tempo e queda no que sempre pensaron; propaganda e máis propaganda asentada en meras declaracións de autodefensa e autobombo, pero que non pasan do mero enunciado e, moito menos, da necesaria cristalización destes compromisos.

Sigue o naval galego a súa acelerada agonía que pon, nestes intres, en entredito a súa continuidade habida conta da conxuntura drástica na que están situados a maior parte dos estaleiros galegos, tanto públicos como privados, sen ningunha alternativa viábel e, cada vez, con maiores dificultades.

O sector teno moi claro; ou se soluciona o sistema de arrendamento fiscal e se empeza a contratar de inmediato ou non hai futuro, circunstancia compartida por traballadores e empresarios é polo que formulamos a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.


En que consiste o acordo con Pemex?

Compostela, a 02 de maio do 2012.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Fernando Branco Parga

Deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 02/05/2012 17:29:24

Fernando Branco Parga na data 02/05/2012 17:29:28



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Beatriz Sestayo Doce, Modesto Pose Mesura, María Carmen Acuña do Campo e Miguel Angel Fernández López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O desmantelamento sen precedentes producido nas políticas públicas sociais dende a chegada ao goberno do Sr. Núñez Feijoo vén tendo unhas consecuencias terribles para as persoas e para as familias galegas. O boicot á aplicación de leis sociais, a amortización de postos de traballo públicos, a supresión de programas e servizos sociais, o recorte drástico do Plan concertado, a aprobación dun Decreto de servizos sociocomunitarios que asfixia aos concellos, os recortes sen precedentes nas políticas de igualdade son sinais de identidade dunha dereita disposta a acabar cos servizos públicos en Galicia.

Dentro das agresións ao chamado ataque de Benestar atópanse os ataques ás políticas de conciliación da vida laboral e familiar, así como as agresións ás políticas sociais municipais.

A situación das escolas infantís en Narón constitúe un exemplo de todas estas cuestións. Tres escolas infantís desta cidade corren perigo de peche ante os seus problemas de financiamento dado os recortes continuos da Xunta de Galicia. Tres anos leva o Goberno municipal de Narón avisando á Xunta de Galicia sobre esta situación, e tres anos estivo esperando o alcalde para ser recibido pola conselleira de Benestar.

Pese aos discursos publicitarios do PP respecto á suposta defensa “da familia “ o certo é que as políticas de conciliación de vida laboral e familiar son un ben en perigo de extinción. Ante a alerta de desaparición das escola infantís de Narón pola falla de financiamento da Xunta de Galicia con artimañas varias como o peche de exercicio tres meses antes do ano para evitar a xustificación de todos os custes, as nais e os pais e grupos do goberno fixeron un peche no concello de Narón que só recibiu desprezos do Goberno da Xunta



 Grupo Parlamentario

Ante a situación descrita as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

Vai abonar o Goberno galego o financiamento ao concello de Narón que garanta o mantemento e o funcionamento das escolas infantís?

Pazo do Parlamento, 2 de maio de 2012

Asdo: Beatriz Sestayo Doce
Modesto Pose Mesura
María Carmen Acuña do Campo
Miguel Angel Fernández López
Deputadas e deputados do G.P. Socialista

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 02/05/2012 17:41:57

Modesto Pose Mesura na data 02/05/2012 17:42:01

María del Carmen Acuña do Campo na data 02/05/2012 17:42:12

Miguel Ángel Fernández López na data 02/05/2012 17:42:17



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Beatriz Sestayo Doce, Modesto Pose Mesura, María Carmen Acuña do Campo e Miguel Angel Fernández López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

As políticas sociais son instrumentos esenciais de corrección das desigualdades e inxustizas sociais, fomentan a cohesión social e amparan as persoas máis vulnerables e desprotexidas da sociedade. A Constitución española definiu un Estado social e democrático de dereito optando, polo tanto, por un modelo de políticas públicas que garantan a igualdade de oportunidades das persoas, con independencia das súas circunstancias.

Este modelo social descansa en diferentes piares entre os que se atopa unha normativa social básica para entender o noso sistema. Os diferentes gobernos socialistas en España foron poñendo as bases e desenvolvendo un sistema que establecía redes sociais e competenciais que acheguen diferentes políticas públicas ao conxunto da cidadanía onde queira que viva.

O Plan concertado, a Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas dependentes, os diferentes programas de inclusión e inserción social derivadas de normativa diversa cumprían o mandato constitucional establecendo e consolidando o chamado Estado de Benestar. A chegada aos gobernos autonómicos do PP, sinaladamente en Galicia, e ao goberno do Goberno central, supón unha agresión dificilmente reparable ao conseguido durante máis de 30 anos de democracia. A mestura entre incompetencia, irresponsabilidade unida a unha inequívoca vontade política amosada en todas as políticas sociais de abrir fendas sociais que diferencien os dereitos das persoas conforme ás súas posibilidades económicas ten levado a Galicia a un panorama desolador: a pobreza crece de forma dramática mentres os recursos para prevela e combatela se recortan, as listas de atención á dependencia cuadruplicáronse nesta lexislatura, suprimíronse programas e servizos que viñan funcionando décadas, e apróbanse



 Grupo Parlamentario

normativas dificilmente compatibles coas normativas básicas de rango superior ás que se deben someter

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

Ante este panorama denunciado unanimemente por colexios profesionais, empregados e empregadas públicas, sindicatos, asociacións, as ONG, etc; as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Ten pensado rectificar o Goberno as súas políticas sociais?

Pazo do Parlamento, 2 de maio de 2012

Asdo: Beatriz Sestayo Doce
Modesto Pose Mesura
María Carmen Acuña do Campo
Miguel Angel Fernández López
Deputadas e deputados do G.P. Socialista

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 02/05/2012 17:48:10

Modesto Pose Mesura na data 02/05/2012 17:48:17

María del Carmen Acuña do Campo na data 02/05/2012 17:48:29

Miguel Ángel Fernández López na data 02/05/2012 17:48:39

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Pedro Puy Fraga, Natalia Barros Sánchez, Jesús A. Goldar Güimil, Emma Alvarez Chao, Alberto Sueiro Pastoriza, Pedro M. Arias Veira e Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

O pasado mes de febreiro o Goberno central puxo en marcha o denominado *Plan de Proveedores* como mecanismo áxil de pago e cancelación das débedas pendentes que os concellos e outras administracións territoriais tiñan cos seus provedores. O Executivo central quixo ofrecer unha solución aos municipios para que poidan facer fronte a estes pagos á vez que se garanta a sustentabilidade das súas finanzas.

Este mecanismo de financiamento leva aparellada unha operación de endebedamento a longo prazo e a obrigação por parte das entidades locais de aprobar un plan de axuste. Este plan tiña que ser aprobado polo concello solicitante antes do 31 de marzo de 2012 e valorado favorablemente polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para que quedase autorizada a concertación da operación de endebedamento.

No caso concreto do concello lucense de Foz, a negativa dos grupos políticos da oposición -que suman a maioría absoluta da Corporación Municipal- e, nomeadamente de PSOE, BNG e UNIFOZ, fixo imposible a aprobación do plan de axuste proposto polo Goberno local -do PP, en minoría- e levou ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a retirar o 50% das achegas que o Estado destinaba cada mes a este concello, unha cantidade estimada en 65.000 euros.

Esta situación ademais de provocar un grave impacto á facenda local, está a poñer en risco o mantemento -en plena normalidade e

total calidade- dos servizos básicos prestados por este concello e tamén o propio pago aos provedores e aos salarios do persoal ao servizo do Concello de Foz, cos consecuentes prexuízos á veciñanza e aos propios traballadores municipais.

Parece evidente que a actitude irresponsable dos grupos políticos que provocaron coa súa xestión na Lexislatura pasada a difícil situación financeira do concello de Foz e que agora se negan a aprobar o imprescindible plan de axuste, leva ao Concello de Foz a unha situación gravísima de bloqueo, coa conseguinte perda de ingresos e a imposibilidade de acollerse ao plan de pago a provedores do mesmo xeito e nas mesmas condicións a como o están a facer o resto dos concellos galegos -con independencia da súa cor política-.

Cómpre en consecuencia facer un chamamento á reflexión e responsabilidade política dos distintos grupos municipais que integran a Corporación local de Foz, para que desistan da súa actitude de bloqueo que tantos prexuízos está a provocar ao conxunto da veciñanza e á sustentabilidade da Facenda local.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Pleno.

Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre a situación financeira na que se atopa o concello de Foz?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2012

Asinado dixitalmente por:

Jose Manuel Balseiro Orol na data 02/05/2012 18:25:23

Pedro Puy Fraga na data 02/05/2012 18:25:32

Natalia Barros Sánchez na data 02/05/2012 18:25:39

Jesus Antonio Goldar Güimil na data 02/05/2012 18:25:44

Maria Emma Álvarez Chao na data 02/05/2012 18:25:54

Alberto Sueiro Pastoriza na data 02/05/2012 18:26:03

Pedro Manuel Arias Veira na data 02/05/2012 18:26:12

Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 02/05/2012 18:26:23



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2012 09:30
Nº Rexistro: 81839
Data envío: 02/05/2012 19:32:45.525

Á Mesa do Parlamento

María Carme da Silva Méndez e María do Carme Adán Villamarín, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Durante a celebración do Pleno da Deputación de Pontevedra, o pasado venres 27 de abril de 2012, o Sr. Louzán, Presidente da Deputación e Presidente provincial do Partido Popular, anunciou a intención da Xunta de Galiza de non construír o novo edificio do IES Carlos Oroza, no Concello de Pontevedra.

O Presidente da Deputación provincial aduciu problemas de financiamento por parte da Consellaría de Educación.

O propio Sr. Louzán foi consciente nese momento de que estaba actuando como portavoz do Goberno galego e intentou corrixir dicindo que tería que ser o conselleiro quen o anunciase. Isto é una proba máis do uso partidario que fai o Partido Popular das institucións. É inaudito que o Presidente provincial do Partido Popular anunciase unha información que de ningunha maneira fora comunicada ao Concello de Pontevedra.

Con posterioridade a Consellaría de Educación confirmou a noticia dada polo Presidente provincial.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2012 09:30
Nº Rexistro: 81839
Data envío: 02/05/2012 19:32:45.525

Este anuncio da Consellaría de Educación prodúcese despois de que en numerosas ocasións o Conselleiro reiterase a intención da Xunta de Galiza de licitar a construción do novo edificio para o IES Carlos Oroza.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno:

¿Cando tomou a decisión a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de non construír o IES Carlos Oroza en Pontevedra?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2012.

Asdo.: María Carme da Silva Méndez

María do Carme Adán Villamarín

Deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María Carme da Silva Méndez na data 02/05/2012 19:27:49

Maria do Carme Adán Villamarín na data 02/05/2012 19:27:56



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2012 11:50
Nº Rexistro: 81852
Data envío: 03/05/2012 11:50:42.415


Á Mesa do Parlamento

Ana Luisa Bouza Santiago, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á previsión de posta en marcha de consultorios móbiles por parte do SERGAS.

No DOG, do pasado 30 de Abril, publícase a Orde do 27 de abril de 2012 pola que se aproba a convocatoria aberta de propostas de solucións innovadoras para os proxectos de innovación sanitaria Innova Saúde e Hospital 2050, cofinanciados con fondos Feder (Fondo Tecnolóxico); un concurso de ideas para desenvolver os subproxectos incluídos neles.

Como número 1 dos subproxectos de Innova Saúde aparece un Punto de Atención Diagnóstico Terapéutico Móbil, presentado pola Conselleira de Sanidade segundo os medios de comunicación como “consultorios ambulantes” que resolverían o suposto “exceso” de centros sanitarios de atención primaria existentes na actualidade.

Na reseña dos medios de comunicación, sobre a presentación pública do proxecto, parece que o Goberno galego considera que este sistema podería substituír a parte dos actuais centros de saúde ou consultorios, cuestión de moito calado que afectaría á atención primaria no medio rural galego e que precisa de maior aclaración.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2012 11:50
Nº Rexistro: 81852
Data envío: 03/05/2012 11:50:42.415

Esta situación leva ao Grupo parlamentar do BNG a realizar a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que centros sanitarios, dos actualmente existentes, considera o Goberno galego que “sobran”?

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2012.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago
Deputada do G.P.do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Luisa Bouza Santiago na data 03/05/2012 11:45:35



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2012 16:30
Nº Rexistro: 81894
Data envío: 03/05/2012 14:01:49.821

Á Mesa do Parlamento

María Carme da Silva Méndez, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**:

O Concello de Pontevedra e a Consellaría de Política Territorial asinaron no ano 2008 un convenio para a construción dunha nova ponte sobre o río Lérez, denominada Ponte das Correntes.

No ano 2009 o Concello de Pontevedra e a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas asinaron unha addenda do devandito convenio.

En cumprimento dos compromisos adquiridos por cada una das Administracións asinantes do convenio, a obra da Ponte Correntes estase a executar e a anualidade de 2010 foi transferida por parte da Xunta de Galiza ao Concello de Pontevedra.

No informe de execución orzamentaria, correspondente ao 3º trimestre de 2011, desaparece a dotación orzamentaria para o financiamento da anualidade de 2011 da Ponte das Correntes.

Con posterioridade, no mes de outubro de 2011, a Xunta de Galiza aproba e presenta no Parlamento o proxecto de lei de orzamentos de 2012. Neste documento o financiamento da ponte correspondente á anualidade de 2011 aparece traspasado aos anos 2012, 2013 e 2014. Sendo este o mecanismo polo que o Concello de Pontevedra recibe información da intención da Xunta de Galiza de trasladar a eses exercicios a



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

anualidade de 2011. Os orzamentos foron aprobados no Parlamento sen experimentar ningunha modificación nesa partida.

En novembro de 2011 o Concello de Pontevedra remite á Xunta as certificacións de obra correspondentes á anualidade de 2011.

En febreiro de 2012 o Concello de Pontevedra convidou formalmente ao Conselleiro de Medio Ambiente ao acto oficial de colocación do taboleiro central da ponte, tendo constancia formal, polo tanto, a Consellaría da execución das obras. O Conselleiro non asistiu a este acto oficial.

Na sesión do Pleno do Parlamento de 25 de abril de 2012 o conselleiro informou, contestando a unha pregunta do Partido Popular, da súa intención de considerar rematada a vixencia do convenio e non aboar unha parte importante dos compromisos económicos pendentes co Concello de Pontevedra.

Por todo o exposto, presentamos a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en pleno:

¿En que momento tomou a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a decisión de eliminar dos orzamentos de 2011 a partida correspondente ao financiamento das obras da Ponte das Correntes?

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2012.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2012 16:30
Nº Rexistro: 81894
Data envío: 03/05/2012 14:01:49.821

Asdo.: María Carme da Silva Méndez

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María Carme da Silva Méndez na data 03/05/2012 13:58:54



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2012 16:30
Nº Rexistro: 81901
Data envío: 03/05/2012 14:45:13.572

Á Mesa do Parlamento

María Carme da Silva Méndez, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Goberno do Estado ven de anunciar a súa intención de introducir un novo imposto indirecto ao conxunto da poboación galega. Trátase da decisión do Partido Popular de crear unha taxa polo uso de determinadas infraestruturas de comunicación, nomeadamente autovías.

No caso de Galiza este novo imposto que pretende crear o PP é especialmente gravoso dadas as portaxes directas tan elevadas que xa soportan os galegos e as galegas polo uso das autoestradas de competencia estatal.

O Parlamento galego ten adoptado numerosos acordos relativos á necesidade de rebaxar e suprimir as portaxes directas actualmente vixentes na Galiza.

O presidente da Xunta, sr. Núñez Feijoo, ten manifestado estes días a súa intención de non introducir este tipo de taxa polo uso das estradas de titularidade galega, mais os actos do goberno do Partido Popular indican exactamente o contrario.

O presidente da Xunta renuncia a exercer como presidente do Goberno galego e non rexeita enerxicamente esta decisión do Goberno español, como sería a súa obriga en defensa dos intereses económicos e sociais do pobo galego.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2012 16:30
Nº Rexistro: 81901
Data envío: 03/05/2012 14:45:13.572

O Goberno galego leva tempo contemplando e traballando na introdución dunha taxa polo uso das estradas da súa competencia: No borrador de Anteproxecto de lei de estradas de Galiza, que elabora a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e que xa foi sometido a período de consultas, a través da páxina web da Xunta, contemplase claramente a privatización das estradas e o establecemento dunha taxa polo uso das estradas galegas.


No borrador de Anteproxecto de lei de estradas de Galiza o Goberno do PP introduce no Título III (Construción, financiamento e explotación) a privatización das estradas galegas e o establecemento dunha taxa polo uso destas.

O Presidente do goberno galego manifestou, despois do Consello da Xunta do 26 de xaneiro de 2012, a súa intención de aprobar a nova Lei de estradas nesta lexislatura. Con posterioridade a esta data estaba sometido o borrador a consultas na páxina web da Xunta, contemplando estes aspectos tan lesivos para a sociedade galega e evidenciando a intención do presidente de introducilos mediante esta nova lei.

Polo exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte pregunta oral en Pleno:

¿Vaise opoñer o Goberno galego ao establecemento de novas taxas nas estradas que discorren polo territorio galego, sexa cal sexa a administración competente?

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2012.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2012 16:30
Nº Rexistro: 81901
Data envío: 03/05/2012 14:45:13.572

Asdo.: María Carme da Silva Méndez

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María Carme da Silva Méndez na data 03/05/2012 14:34:51

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María José Caride Estevez, Concepción Burgo López, Ismael Rego González e Manuel Gallego Lomba, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Pleno**.

O Parque Arqueolóxico de Arte Rupestre de Campo Lameiro foi inaugurado o 6 de xullo de 2011 cunha previsión de 80.000 visitantes/ano.

O Parque iniciou a súa andaina con importantes obxectivos, xa que pretende protexer e conservar unha manifestación cultural extraordinariamente valiosa e fráxil, ao tempo que busca promover a difusión dos valores patrimoniais e desenvolver un centro de divulgación científica e técnica. Unido a estes obxectivos, este parque debe contribuír ao desenvolvemento local e á ordenación do territorio e fomentar o desenvolvemento sostible das zona.

Todos estes obxectivos foron concesionados, ata 2014, á empresa QED, logo do correspondente concurso público. Dito concurso establece unha compensación revisable de 544.500 € con cargo á Administración autonómica galega, así como o dereito ao cobro de diferentes tarifas pola visita ao parque e a explotación da cafetería, restaurante ou tenda.

A empresa concesionaria entrou en concurso de acredores e prodúcese a subrogación de dito contrato ca Xunta de Galicia en favor dunha empresa creada ad-hoc cun capital social de 3.000€.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:



Grupo Parlamentario

Cree o Goberno galego que esta actuación é un exemplo de transparencia e legalidade?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 3 de maio 2011

Asdo.: M^a José Caride Estevez
Concepción Burgo López
Isamel Rego González
Manuel Gallego Lomba
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María José Caride Estévez na data 03/05/2012 12:11:15

María Concepción Burgo López na data 03/05/2012 12:11:19

Ismael Rego González na data 03/05/2012 12:11:24

José Manuel Gallego Lomba na data 03/05/2012 12:11:30



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

María José Caride Estevez, Concepción Burgo López, Ismael Rego González e Manuel Gallego Lomba, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Pleno**.

O Parque Arqueolóxico de Arte Rupestre de Campo Lameiro foi inaugurado o 6 de xullo de 2011 cunha previsión de 80.000 visitantes/ano.

O Parque iniciou a súa andaina con importantes obxectivos, xa que pretende protexer e conservar unha manifestación cultural extraordinariamente valiosa e fráxil, ao tempo que busca promover a difusión dos valores patrimoniais e desenvolver un centro de divulgación científica e técnica. Unido a estes obxectivos, este parque debe contribuír ao desenvolvemento local e á ordenación do territorio e fomentar o desenvolvemento sostible das zona.

Todos estes obxectivos foron concesionados, ata 2014, á empresa QED, logo do correspondente concurso público. Dito concurso establece unha compensación revisable de 544.500 € con cargo á Administración autonómica galega, así como o dereito ao cobro de diferentes tarifas pola visita ao parque e a explotación da cafetería, restaurante ou tenda.

A empresa concesionaria entrou en concurso de acredores e prodúcese a subrogación de dito contrato ca Xunta de Galicia en favor dunha empresa creada ad-hoc cun capital social de 3.000€.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:



Grupo Parlamentario

Que razóns xustifican a subrogación á empresa Espiral Xestión Cultural S.L.?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 3 de maio 2011

Asdo.: M^a José Caride Estevez
Concepción Burgo López
Isamel Rego González
Manuel Gallego Lomba
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María José Caride Estévez na data 03/05/2012 12:22:28

María Concepción Burgo López na data 03/05/2012 12:22:33

Ismael Rego González na data 03/05/2012 12:22:37

José Manuel Gallego Lomba na data 03/05/2012 12:22:53

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
 3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727